

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 2/2021

SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE FEBREIRO DE 2021

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores.** (Extraordinaria do 16.12, extraordinaria do 21.12, extraordinaria do 23.12 e ordinaria do 30.12 do ano 2020).

Ditames das Comisións Informativas

COMISIÓN INFORMATIVA DE FOMENTO, SERVIZOS, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- 2.** Aprobación inicial da modificación do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo. Expte. 1680/110 (Rexistro Pleno 2802/1101)

COMISIÓN INFORMATIVA ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Aprobación definitiva da modificación para o exercicio do 2021 da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter publico non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais. Expte. 2689/500. (Rexistro Pleno 2804/1101)

Mocións resolutivas

- 4.** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Ministerio de Transición Ecolóxica e a Rede Eléctrica de España a incluír no período 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de transporte de 220 KV e á construción dunha nova subestación. (Rexistro Pleno 2820/1101).
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a concretar un plan de actuacións e de investimentos no Porto de Vigo de polo menos a mesma cantidade que realizou o Ministerio de Fomento. (Rexistro Pleno 2822/1101).
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a desbloquear os proxectos paralizados por Patrimonio e a delegar no Concello de Vigo as competencias en materia de Patrimonio. (Rexistro Pleno 2823/1101).
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a atender as necesidades da cidade autorizando o traslado da escola infantil Santa Marta ao CEIP Ramón y Cajal para habilitar unha escola infantil de forma permanente nese centro educativo. (Rexistro Pleno 2824/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 1 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a urxente declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral do conxunto delimitados de vivendas de Beiramar, Espiñeiro-Enrique Lorenzo, Emilia Pardo Bazán-San Roque e San Pablo en Vigo e falicitar o acceso ás subvencións do Plan Estatal de Vivenda e axudas da Comunidade Autónoma. (Rexistro Pleno 2825/1101).
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a iniciar consultas aos concellos para a presentación de proxecto aos efectos de poder concorrer aos fondos do Plan de Reconstrución, Transformación e Resiliencia e outros acordos complementarios. (Rexistro Pleno 2826/1101).

PARTE DE CONTROL

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía do 19.01 ao 14.02 do 2021. Expte. 974/1102 (Rexistro Pleno 2814/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as do 19.01 ao 14.02 do 2021. Expte. 975/1102 (Rexistro Pleno 2815/1101).

Mocións de control

12. Moción do concelleiro membro non adscrito pola continuidade da escola infantil municipal "Santa Marta" no Casco Vello. (Rexistro Pleno 2818/1101).
13. Moción do grupo municipal Mixto para abordar a crise da Covid con perspectiva de xénero e apoiar a celebración do 8 de marzo. (Rexistro Pleno 2808/1101).
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)
 Aguiar Castro Yolanda (T)
 Aneiros Pereira Jaime (P)
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores (T)
 Caride Estévez María José (P)
 Espinosa Mangana Elena (P)
 Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)
 Fernández Pérez José Manuel (T)
 Gómez Díaz Gorka(P)
 Iglesias González Ana Laura (T)
 Lago Barreiro María del Carmen (T)

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (T)
 González Castillo Jesús Marco (T)
 López Román Patricia (T)
 Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)
 Pérez Correa Ruben (P)



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 2870/1101

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 2 de 79

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

López Font Carlos (P)
 Losada Alvarez Abel Fermín (T)
 Mejías Sacaluga Ana Maria (T)
 Rivas González Ángel (T)
 Rodríguez Calviño Patricia (T)
 Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)
 Rodríguez Rodríguez Nuria (T)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

NON ASISTEN

Silva Rego M^a del Carmen, 1^a tenente de alcalde. Grupo Socialista.
 Pardo Espiñeira Francisco Javier, 2^o tenente de alcalde. Grupo Socialista.

De conformidade co sinalado na Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 25 do febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo as nove horas e dez minutos do día vinte e catro de febreiro do ano dous mil vinteun, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretario Xeral do Pleno D. José Riesgo Boluda, presente na Sala, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión ORDINARIA conforme Resolución de convocatoria de data 19 de febreiro.

Está presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escaríz Couso.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria. Procédese a tratar os asuntos que conforman a Orde do Día,

PARTE RESOLUTIVA

1 (21). ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIA DO 16.12, EXTRAORDINARIA DO 21.12, EXTRAORDINARIA DO 23.12 E ORDINARIA DO 30.12 DO ANO 2020).

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Rodríguez Calviño.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as Actas correspondentes ás seguintes sesións: extraordinaria do 16 de decembro de 2020, extraordinaria do 21 de decembro de 2020, extraordinaria do 23 de decembro do 2020 e ordinaria do 30 de decembro de 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 3 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2 (22). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1680/110 (REXISTRO PLENO 2802/1101)

ANTECEDENTES: En data de 2.02.21, o secretario xeral do Pleno co conforme da concelleira de Xestión Municipal emite o seguinte informe proposta,

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LTBG. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

D. 24/2018. Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os Libros de Actas e de Resolucións das entidades locais galegas.

ROP. Regulamento Orgánico Pleno (Pleno 30.05.2016; BOP 15.06.2016)

Antecedentes. Mediante Resolución de data 13.01.2021 a concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal ten acordado a iniciación de Expediente para a modificación do Regulamento Orgánico do Pleno no sentido de incorporar as previsións derivadas da observancia da Lei 39/2015 (Rexistro Electrónico do Pleno) e aquelas outras necesarias para a mellor organización e funcionamento do máximo órgano de representación política municipal.

Cumprimentando a Resolución, de conformidade co sinalado nos artigos 122.5.e)2º e 123.2 da LBRL emítense o seguinte,

INFORME

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO

I. Modificación artigo 9.6

O artigo 9 refírese os “Dereitos de carácter político e representativo” dos membros da Corporación, entre estes disciplina, (i) os supostos de acceso libre dos concelleiros á información; (ii) as copias dos Expedientes nos caso de libre acceso e, (iii) o acceso autorizado dos concelleiros á información.

A totalidade dos Expedientes municipais son de tramitación electrónica e atópanse na aplicación informática “Xestión de Expedientes”; o apartado 6 advirte que o Concello impulsará a utilización de novas tecnoloxías como mecanismo de acceso á información. Convén concretar que a materialización dese dereito realizárase, no seu caso, mediante a autorización do acceso informático na aplicación “Xestión de Expedientes” á información solicitada (Expediente electrónico). No sentido exposto procede modificar o artigo 9.6 co seguinte contido:

Modificación artigo 9.6

“O acceso libre á información; o libramento de copias nos casos de libre acceso e o acceso que requira autorización materializárase, no seu caso, mediante a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 4 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

autorización de acceso electrónico o Expediente solicitado na aplicación informática "Xestión de Expedientes".

A autorización electrónica outorgarase no prazo sinalado no apartado 4 e o será por un prazo de dous días hábiles.

A autorización á aplicación informática implica tanto a autorización de acceso peticionada como a entrega das copias solicitadas.

A autorización de acceso realizarase pola unidade administrativa responsable da tramitación e instrución do Expediente previa orde de servizo do concelleiro/a delegado/a que poderá ser verbal. A negativa da información solicitada será acordada, no seu caso, mediante Resolución motivada que ditarase e notificarase no prazo dos cinco días naturais seguintes á solicitude.

Procedería deixar sen contido o apartado 5 (consulta material dos Expedientes solicitados) non obstante mantense no entendemento que se está a referir a Expedientes existentes en soporte papel non incluídos na aplicación "Xestión de Expedientes".

II. Modificación do artigo 15.1

O artigo 15 refírese á "Xestión do Rexistro" [Rexistro de Intereses], o apartado 1 sinala, "As declaracións realizaranse conforme os modelos previstos no Anexo a este Regulamento ...". A totalidade dos Expedientes municipais teñen tramitación electrónica, unha tramitación que tamén debe corresponder ao Rexistro de Intereses. Procede modificar a redacción do precepto citado no seguinte sentido:

Modificación do artigo 15.1

"As declaracións realizaranse en soporte dixitalizado conforme os modelos previstos no Anexo a este Regulamento ..."

III. Novo Artigo 45.3

A disposición final 2 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo engadiu o artigo 46 da LBRL un novo parágrafo 3; procede engadir o artigo 45 do ROP un novo parágrafo similar:

Novo Artigo 45.3

3. Cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial da sesión, o Pleno e as Comisións do Pleno, apreciada a concorrencia da situación descrita polo alcalde ou quen validamente le substitúa a efecto da convocatoria, constituiranse, celebrarán sesións e adoptarán acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión.

Consideraranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, u outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan axeitadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.

IV. Erro material no Artigo 52.3



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 5 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O Artigo 52 refírese á “Dación de conta de Resolucións” o apartado 3. sinala, “O debate que se suscite na dación de conta seguira as regras do previsto no artigo 53 deste Regulamento”.

Erro material no Artigo 52.3., debe dicir, artigo 55.

V. Modificación Artigo 55.2 terceiro parágrafo primeiro inciso.

O artigo 55 disciplina o “Debate dos asuntos de tramitación ordinaria”. O apartado 2., tras refirirse á intervención do membro do goberno competente por razón da materia indica, “Concluída a intervención anterior, os diversos Grupos, con excepción do grupo ao que estean adscritos os membros do goberno municipal, de menor a maior, consumirán unha quenda de cinco minutos que materializarán a través da intervención de un só concelleiro”.

A literalidade do precepto exclúe da quenda o Grupo político ao que pertence o membro do goberno que presenta e defende a proposta. Procede recoñecer tal grupo o seu dereito a manifestar o seu posicionamento político respecto da proposta formulada. Modifícase a redacción do primeiro inciso do terceiro parágrafo do artigo 55.2. que terá o seguinte contido.

Modificación Artigo 55.2 terceiro parágrafo primeiro inciso.

- Concluída a intervención anterior, os diversos Grupos, de menor a maior, consumirán unha quenda de cinco minutos que materializarán a través da intervención dun só concelleiro.

VI. Modificación no Título V, “Do Funcionamento do Pleno”, do Capítulo IV, “Das Actas do Pleno” (queda sen contido)

A LPAC incorpora o uso xeneralizado e obrigatorio de medios electrónicos tanto respecto dos documentos e actos administrativos en xeral, artigos 26.1 e 36.1., como en relación coas diferentes fases do procedemento, artigos 71.1, 75.1, 80.2 e 88.4.; o artigo 70.2 establece, o formato electrónico dos expedientes administrativos. Respecto das relacións *ad intra* a LRXSP alude na súa Exposición de Motivos á utilización habitual dos medios electrónicos prevendo, artigo 46.1, que todos os documentos empregados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos; ambas leis, respectivamente, nas disposicións finais quinta e decimo sétima, recollen un mandato de adaptación á regulación nelas contida.

Ó fío do exposto o D. 24/2018 regula nas entidades locais galegas o emprego de medios electrónicos nos Libros de Actas dos órganos de goberno das Administracións Locais; a súa Disposición Transitoria única advirte que os Concellos dispoñerán dun prazo de tres anos desde a entrada en vigor do Decreto para adaptar os Libros de Actas a soporte electrónico, prazo que conclúe o 28 de febreiro de 2021.

Mediante o Expdte. 1675/110 o Pleno ten acordado para adaptar as Actas do Pleno o sinalado no Decreto citado; tal adaptación non require dunha norma regulamentaria que conxele o seu rango, resulta suficiente o acordo do Pleno acadado en sesión de data 27.02.2021, razón suficiente para considerar que os preceptos do Capítulo IV do Título V do Regulamento poden quedar sen contido.

Procede a modificación no Título V, “Do Funcionamento do Pleno”, do Capítulo IV, “Das Actas do Pleno”:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 6 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Modificación Artigo 71. Sen contido
Modificación Artigo 72. Sen contido.
Modificación Artigo 73. Sen contido.
Modificación Artigo 74. Sen contido.

VII. Supresión Artigo 86

A Sentenza do TC 111/2016, de 9 de xuño, declarou inconstitucional e nula a Disposición adicional décimo sexta da LBRL engadida polo artigo 1.38 da Lei 27/2013, de 27 de decembro que posibilitaba, no suposto nela previsto, a aprobación do orzamento municipal en Xunta de Goberno Local .

Procede a supresión do artigo 86.

O artigo 87, “Aprobación dos orzamentos vinculados á cuestión de confianza” renumérase como artigo 86. Os artigos 87 e 88 manteñen a numeración o observarse duplicidade do dígito 87

VIII. Novo TÍTULO VIII

O ROP, artigo 41.1., menciona o Rexistro do Pleno como propio e diferenciado dedicado ao asento das iniciativas e á entrada e saída dos documentos relacionados co Pleno e as súas Comisións, o precepto advirte, “no non previsto no Regulamento en relación o réxime de presentación de documentos será de aplicación o establecido na lexislación sobre procedemento administrativo común”. A LPAC disciplina a Administración Electrónica e, sen prexuízo do Rexistro electrónico xeral, prevé a existencia doutros rexistros electrónicos nas distintas Administracións Públicas, artigo 16.1 parágrafo terceiro.

Procede establecer as necesarias especialidades electrónicas do Rexistro do Pleno; baleirar de contido o artigo 41 do ROP o fin de incluír no Regulamento un novo Título VIII que, en aplicación e desenvolvemento do sinalado na LPAC, discipline o funcionamento electrónico do Rexistro do Pleno como rexistro diferenciado habilitado para a recepción das iniciativas e demais documentos que dirixidos o Pleno e as súas Comisións e estean relacionados coas competencias destes órganos.

Modificación Artigo 41. Sen contido

TÍTULO VIII

Do Rexistro electrónico do Pleno

Artigo 89. Creación do Rexistro electrónico do Pleno do Concello de Vigo.

1. Créase o Rexistro electrónico do Pleno do Concello de Vigo para a recepción de iniciativas e outros documentos presentados por vía electrónica, mediante sinatura electrónica dirixidos o Pleno e as súas Comisións en asuntos relacionados co o seu ámbito de competencias.

2. Os documentos presentados de maneira presencial ante o Rexistro do Pleno, serán dixitalizados para a súa incorporación o expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais o interesado.



3. O funcionamento do Rexistro electrónico rexerá polo establecido no presente Regulamento e polas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Artigo 90. Xestión do Rexistro electrónico do Pleno.

1. O Rexistro electrónico do Pleno é un rexistro único de carácter secuencial que permitirá ter constancia da data, hora e número de orde de presentación, requisitos necesarios para comprobar o cumprimento dos prazos das diferentes iniciativas presentadas.
2. Calquera documento presentado ante o Rexistro electrónico do Pleno non relacionado co o seu obxecto non producirá efecto e se terá por non presentado comunicándose o remitente tal circunstancia con indicación, no seu caso, dos rexistros que corresponda.
3. A responsabilidade e xestión do Rexistro electrónico do Pleno corresponde á persoa titular da Secretaría xeral do Pleno.

Artigo 91. Acceso o Rexistro electrónico do Pleno. Identificación e sinatura electrónica.

1. O Rexistro electrónico do Pleno será accesible a través do portal web do Concello de Vigo na dirección <http://vigo.org>
2. A presentación de documentos no Rexistro realizarase utilizando, no seu caso, os modelos normalizados que consten na páxina de acceso o mesmo que indicarán os datos de cumprimentación obrigatoria para a súa aceptación; poderán aportarse documentos que acompañen o correspondente escrito cando cumpran os estándares de formato e requisitos de seguridade predeterminados.
3. A presentación de documentos no Rexistro electrónico do Pleno esixirá a utilización dos sistemas de identificación e sinatura electrónica establecidos na presente Ordenanza, admitirase o de sinatura electrónica incorporada o DNIe.

Artigo 92. Calendario, horarios e cómputo de prazos.

1. O Rexistro electrónico do Pleno permitirá a presentación de iniciativas e documentos todos os días do ano durante as 24 horas sen prexuízo das interrupcións por razóns técnicas das que informarse coa antelación necesaria en cada caso cando resulte posible. Caso de interrupción non planificada o usuario visualizará unha mensaxe que comunicará tal circunstancia. A imposibilidade de utilizar o Rexistro remitirá aos usuarios á utilización alternativa do lugar de presentación.
2. O Rexistro electrónico do Pleno rexerá pola data e hora oficial da Sede electrónica do Concello de Vigo. A efectos do cómputo de prazos, a presentación de escritos en día inhábil entenderase realizada ás cero horas do día hábil seguinte.

Artigo 93. Anotacións no Rexistro.

1. A presentación de iniciativas e outros documentos a través do Rexistro electrónico dará lugar aos asentos correspondentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2021 10:01	Páxina 8 de 79
Expediente 2870/1101	CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. O sistema de información do Rexistro electrónico do Pleno garantirá a constancia e contido de cada asento practicado identificando a documentación presentada que asociarase o número de anotación no Rexistro.

3. A presentación de calquera iniciativa ou documento por parte dos membros da Corporación, polos grupos políticos municipais ou por os seus voceiros realizarase electronicamente a través do Rexistro Electrónico do Pleno.

Artigo 94. Recibos acreditativos da presentación.

1. O Rexistro electrónico do Pleno emitirá recibo acreditativo da presentación da iniciativa ou documento de que se trate co contido previsto no artgo 30.3 do Real Decreto 1671/2009, ou norma que o substitúa; o recibo garantirá a autenticidade, integridade e non rexeitamento do escrito presentado, así como dos documentos adxuntos, proporcionando os elementos probatorios plenos do feito da presentación.

2. O usuario será advertido de que a non obtención do recibo acreditativo da presentación da iniciativa ou documento, ou, no seu su caso, a visualización dunha mensaxe de indicación de erro, implicará que non se ten producido a recepción, debendo realizarse nova presentación noutro momento ou por outros medios.

3. A mera constatación da existencia de código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, en calquera documento electrónico adxunto a un formulario será causa suficiente para o rexeitamento da presentación. Nestes casos, deixarase constancia motivada do problema detectado e informarase o presentador da causa do rexeitamento.

Artigo 95. Seguridade do Rexistro electrónico do Pleno.

O Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo será o responsable da seguridade e operatividade técnica do Rexistro electrónico do Pleno, a estes efectos procurará:

a) A dispoñibilidade e seguridade do Rexistro e a aplicación de medios tecnolóxicos para garantir os requisitos de autenticidade, seguridade e conservación.

b) O cumprimento dos estándares de formato e requisitos de seguridade que se determinen conforme o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito das Administracións.

c) O desenvolvemento das funcións informáticas que, con carácter xeral, sexan necesarias para a xestión ordinaria do Rexistro.

IX. Procedemento para a modificación do ROP

O artigo 133.1 da LPAC advirte que con carácter previo á elaboración dun anteproxecto de Regulamento [ou da súa modificación] substanciarase consulta pública, a través do portal web da Administración na que solicitarase a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura norma en relación con, (i) problemas que pretende solucionar a iniciativa; (ii) necesidade e oportunidade da súa aprobación; (iii) obxectivos e, (iv) solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2021 10:01	Páxina 9 de 79
Expediente 2870/1101	CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O apartado 4. do mesmo artigo sinala, “Poderase prescindir dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas ... organizativas daAdministración local ...”

O ROP, sen prexuízo da mención que realiza os Dereitos e Deberes dos concelleiros (en especial os de natureza política) é unha norma organizativa que disciplina a organización e funcionamento do Pleno, máximo órgano de representación municipal. É unha norma organizativa. Cabe prescindir do trámite de consulta previa.

A pesares da súa natureza regulamentaria o artigo 127.1 a) da LBRL o exclúe expresamente o ROP da súa aprobación coma proxecto en Xunta de Goberno Local.

Resulta de aplicación o sinalado no artigo 76.4 do ROP no sentido de que, formulada proposta de modificación por esta Secretaría e conformada a pola concellería delegada a proposta someterase aos voceiros dos grupos municipais concedéndolles un prazo de seis días o obxecto de que presenten emendas o texto.

Informadas as emendas formularase proposta definitiva que, previo Ditame da Comisión Informativa competente por razón da materia; será elevada ao Pleno do Concello para a súa de aprobación provisional, artigos 47 e 123.1 c) LBRL, que acordarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación, artigo 123.2 LBRL.

Conforme o exposto elévase o o Pleno a seguinte,

PROPOSTA

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico de Pleno segundo redacción que consta na parte expositiva do presente acordo.

Novo artigo 9.6; modificación artigo 15.1; novo artigo 45.3; corrección de erro material no artigo 52.3; modificación artigo 55.2 terceiro parágrafo, primeiro inciso; modificación no Título V “Do Funcionamento do Pleno”, do Capítulo IV, “Das Actas do Pleno” do Título V, (o Capítulo queda sen contido); supresión artigo 86; novo Título VIII (Rexistro Electrónico do Pleno).

SEGUNDO. Someter polo prazo de trinta días á información pública e audiencia aos interesados o Expediente e o acordo acadado mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Vigo para a presentación de reclamacións e suxestións. O prazo computarase a partires da publicación no BOP. No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional.”

FISCALIZACIÓN. Con data 9.02.21, o interventor municipal emite informe de fiscalización.

EMENDAS. Durante o prazo para a presentación de emendas polos grupos municipais, o día 10.02.2021 o concelleiro membro non adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular presentan as correspondentes emendas a dito Regulamento.

O secretario xeral do Pleno en data 12.02.2021, emite informe ás emendas presentadas polos grupos municipais que di o que segue;



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 10 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

INFORME

Legislación aplicable.

CE. Constitución Española

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

LRXSP. Lei 40/2016, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TRRL. Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

LALGA. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

LTBG. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ROFCL. Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

D. 24/2018. Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os Libros de Actas e de Resolucións das entidades locais galegas.

ROP. Regulamento Orgánico Pleno (Pleno 30.05.2016; BOP 15.06.2016).

Antecedentes. Mediante Resolución de data 13.01.2021 a concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal acordou a iniciación de Expediente para a modificación do Regulamento Orgánico do Pleno no sentido de incorporar as previsións derivadas da observancia da Lei 39/2015 (Rexistro Electrónico do Pleno) e aquelas outras necesarias para a mellor funcionamento do máximo órgano de representación política municipal.

Cumprimentando a Resolución esta Secretaría, en data 15.01.2020, formulou a proposta de modificación que consta no Expediente concretada nos seguintes preceptos:

Novo artigo 9.6; modificación artigo 15.1; novo artigo 45.3; corrección de erro material no artigo 52.3; modificación artigo 55.2 terceiro parágrafo, primeiro inciso; modificación no Título V “Do Funcionamento do Pleno”, do Capítulo IV, “Das Actas do Pleno” do Título V, (o Capítulo queda sen contido); supresión artigo 86; novo Título VIII (Rexistro Electrónico do Pleno).

En aplicación do sinalado no artigo 76.4 do ROP a proposta de modificación remitiuse en data 2.01.2021 aos voceiros dos grupos municipais e o concelleiro non adscrito concedéndolles un prazo de seis días o obxecto de que presentaran emendas o texto.

No prazo outorgado o voceiro do grupo político municipal do Partido Popular, os concelleiros do Grupo Mixto e o concelleiro non adscrito teñen presentado escritos de emendas.

En relación coas emendas emítese o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2021 10:01	Páxina 11 de 79
Expediente 2870/1101	CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INFORME

O Regulamento Orgánico do Pleno é expresión perfecta das potestades regulamentarias e de autoorganización. O Pleno, máximo órgano de representación política dos cidadáns no goberno municipal, artigo 122.1 LBRL, é tamén, Exposición de Motivos da Lei 57/2003, "o verdadeiro órgano de debate das grandes políticas locais e das decisións estratéxicas"; a súa primeira atribución é o control e a fiscalización dos órganos de goberno, artigo 123.1.a) LBRL.

O presente informe avalía as emendas que entran ou poden entrar en contradición co ordenamento xurídico; non valora as que obedecen a criterios de oportunidade ou discrecionais cuxa oportunidade, para a mellor funcionamento do Pleno, corresponde apreciar o mesmo Pleno na súa condición órgano resolutor

I. Emenda do Grupo Político Municipal do Partido Popular.

O Grupo Popular presenta á proposta de modificación que consta no Expediente unha emenda á totalidade formulando un texto alternativo seguindo a estrutura do vixente ROP. A xustificación do texto alternativo realízase na Exposición de Motivos

Os artigos que modifican, suprimen ou engaden novos artigos o Regulamento vixente son os seguintes:

Artigo 5 (Dereitos honoríficos).

Nova redacción do apartado 1.

"O presidente do Pleno e os concelleiros gozan dos honores, prerrogativas e distincións establecidos nas leis e na condición de tal serán invitados e terán o dereito de asistir a todos os actos públicos organizados o convocados polo Concello".

Novo apartado 2.

2. Nos actos oficiais a precedencia será a seguinte:

*Alcalde-Presidente,
Tenentes de Alcalde*

Portavoces grupos políticos municipais ordenados de maior a menor representación municipal

Concelleiros membros da Xunta de goberno local por orde de nomeamento.

Concelleiros do equipo de Goberno local por orde establecida na candidatura electoral.

Concelleiros do resto dos grupos políticos pola súa orde electoral e ordenados de maior a menor representación municipal.

O Pleno considerará.

Artigo 9 (Dereitos de carácter político e representativo).

Nova redacción apartado 1.

"1. Os Concelleiros teñen o deber de asistencia e os dereitos de voz, e voto nas sesións do Pleno e Comisións das que formen parte; poderán asistir sen voto ás sesións das Comisións das que non formen parte".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 12 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Novo apartado 2.

"2. O acceso á información e o libramento de copias materializarase mediante o libre acceso electrónico na aplicación informática "Xestión de Expedientes". A tal efecto, os concelleiros estarán autorizados a acceder electrónicamente en calquera momento a todos os expedientes, tanto os que estean en trámite como os xa finalizados."

O artigo 14.2 do ROFCL sinala que o acceso a cantos antecedentes, datos e información obren en poder dos servizos da Corporación realizarase previa "petición". O trámite de petición (solicitud) reitérase na recente LTBG, artigo 17.3, precepto básico. Enténdese obrigado un determinado coñecemento das consultas á documentación municipal desde o control da protección de datos".

Procede a non consideración da proposta.

Artigo 19 (Deberes derivados do exercicio do cargo).

Engade tres novos parágrafos no apartado C do precepto (Deber de asistencia).

"Cando sexa o Alcalde o que incumpra a súa obriga de asistencia ás sesións, corresponderá a sanción á Xunta de Voceiros que adoptará a decisión por maioría simple do seus membros actuando como instrutor o Secretario Xeral do Pleno."

"Entenderase incumplida a obriga de asistencia cando o Alcalde e os concelleiros con competencias delegadas se ausenten do Pleno tanto na fase resolutiva como a fase de control sen causa xustificada."

"A tódolos efectos non se considerará asistencia efectiva ao pleno cando sexa inferior á metade da duración da sesión plenaria."

O deber de asistencia dos membros da Corporación ás sesións do Pleno ven recollido no artigo 78.4 da LBRL; no artigo 72.1 do ROFCL; no artigo 73 do TRRL e no artigo 228 da LALGA, un deber que atópase eximido en virtude de "xusta causa" comunicada á Presidencia; o incumprimento do deber implica a posibilidade do presidente da Corporación (alcalde) de impoñer sanción con multa. O incumprimento do deber de asistencia por parte do alcalde, membro da Corporación, non se atopa tipificado como sancionable por ningún outro órgano da Corporación, menos aínda pola Xunta de Voceiros, órgano consultivo. O principio de tipicidade penal esixe esta concreción.

Procede a non consideración da proposta no seu primeiro parágrafo.

Cabe informar que en caso de inasistencia ás sesións do Pleno a potestade de imposición de sanción do alcalde aos concelleiros é meramente formal; en efecto, aínda que o artigo 141 da LBRL establece uns límites de contía económica en función de que a infracción sexa leve, grave ou moi grave, na normativa de aplicación (lexislación autonómica) non se atopa graduado nin definido o carácter leve, grave o moi grave desta infracción (incumprimento dos concelleiros do deber de asistencia ás sesións dos órganos colexiados), gradación e definición que é necesaria en virtude do principio de tipicidade penal, artigo 25 CE. Nada impide que o ROP, en virtude do sinalado nos artigos 27.1 LRXSP e 139 da LBRL, realice tal concreción.

O segundo parágrafo refírese á inasistencia ás sesións do alcalde e dos concelleiros con competencias delegadas. O deber de asistencia ao Pleno



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 | Páxina 13 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

corresponde a todos os membros da Corporación, non é exclusivo do alcalde e concelleiros delegados.

Procede a non consideración da proposta no seu segundo parágrafo.

O terceiro parágrafo desenvolve o termino “asistencia” asimilándoo o termino “presencia efectiva” mencionado no artigo 73 da LBRL a efectos da percepción de indemnizacións por asistencia a órganos colexiados. Entende que considerárase “asistencia efectiva” a presenza na sesión por un tempo superior á metade da duración da sesión. Pódese razoar que a asistencia do membro da Corporación o momento da constitución do órgano (Pleno) implica asistencia á sesión; non obstante, nada impide que o ROP concrete cando se entende observado o deber de asistencia.

O Pleno considerará.

Artigo 21. (Composición e constitución) [Dos grupos políticos municipais].

Nova redacción do parágrafo 4.

“Os integrantes do Grupo Mixto acordarán como exercer o cargo de Voceiro. No caso de que estaren adscritos ao Grupo Mixto concelleiros electos por candidaturas diferentes, permitirase no desempeño das súas funcións expresar a identidade e denominación propia do seu partido político, federación, coalición ou agrupación de electores.”

A redacción actual do precepto non impide aos concelleiros membros do Grupo Político Municipal Mixto expresar, en calquera relación municipal, a identidade ou a denominación do seu partido político, federación, coalición ou agrupación de electores.

A proposta é similar o réxime actual. O Pleno considerará.

Artigo 26.1 (Presidencia, delegación ou substitución) [da Presidencia do Pleno].

Nova redacción do apartado 1.

“O Pleno convócao, o preside e dirixe o alcalde. O alcalde delegará a convocatoria e Presidencia do Pleno nun dos concelleiros cando o estime oportuno. A delegación da Presidencia en ningún caso suporá vulneración do deber de asistencia ao Pleno que quedará garantido ocupando o Alcalde asento entre os concelleiros do seu grupo e participando na sesión con voz e voto.”

Na Presidencia das sesións plenarias débese distinguir entre delegación, artigo 26.1 ROP, e substitución, artigo 26.3 ROP. Existe delegación cando a Presidencia formalmente, mediante Resolución, artigo 9 LRXSP, delega tal atribución en calquera membro da Corporación; existe substitución cando a Presidencia, por razóns de ausencia ou enfermidade, é substituída, por ministerio da Lei, artigo 125.1 LBRL, polos tenentes de alcalde na orde do seu nomeamento.

Caso de producirse delegación o alcalde pode, (i) non atoparse presente na sesión en virtude de “xusta causa”, (ii) estar presente na sesión, ou (iii) estar presente e ausentarse cando exista “xusta causa” que a xustifique. Acordada a delegación da Presidencia o alcalde non se atopa obrigado a asistir á sesión se existe “xusta causa”. A “xusta causa” comunicárase á Secretaría xeral do Pleno a efectos do seu reflecto na Acta, artigo 109 ROFCL.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 14 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Procede a non consideración da proposta.

O texto alternativo, no artigo 26.3, (substitución da Presidencia) propón, a continuación da palabra “ausencia”, a palabra “xustificada”; enténdese que este cualificativo atópase implícito.

O Pleno considerará.

Artigo 28 (Atribucións) [Xunta de Voceiros]

Propón a engádegas de tres novos apartados 7,8 e 9.

7. A Xunta de Voceiros fixará por consenso os tempos nos debates e a orde de intervención dos grupos.

8. Correspóndelle coñecer e tratar calquera cuestión relacionada co funcionamento das sesións do Pleno.

9. Acordará as Declaracións Institucionais que se sometan ao pleno nos termos do artigo 54.3 do presente Regulamento.

O ROP, no artigo 27, define á Xunta de Voceiros como, “órgano colexiado complementario da organización municipal de carácter deliberante e consultivo”. Enténdese que, sen prexuízo, da regulación xenérica sinalada respecto dos tempos e a orde de intervención dos distintos grupos no artigo XX do Regulamento, estase a propoñer unha maior participación da Xunta de Voceiros no funcionamento das sesións.

O Pleno considerará os apartados 7 e 8. Procede a non consideración do apartado 9 en virtude das razóns que se expoñen o artigo 54.3

Artigo 32.5 (Funcionamento das Comisións do Pleno)

Sinala que as sesións das Comisións Permanentes, cando actúen en competencias delegadas polo Pleno, *realizarán as súas sesións no Auditorio Municipal e que, con carácter ordinario, reuniranse no Salón de Sesións da Casa do Concello axustándose os seus debates ao disposto no artigo 53 do Regulamento.*

O Pleno considerará .

Artigo 36 (Comisión de seguimento das concesionarias de servizos públicos municipais)

Nova denominación do artigo. Crea a “Comisión de seguimento das concesionarias de servizos públicos municipais”

1. A Comisión de seguimento das concesionarias de servizos públicos municipais e o órgano de control e vixilancia do funcionamento das empresas concesionarias de servizos públicos municipais.

2. Correspóndelle garantir o cumprimento efectivo do contrato e do prego que rexe a concesión, o axeitado desenvolvemento do servizo público, a supervisión dos medios asignados ao servizo incluído o seu cadro de persoal, o coñecemento e supervisión de tódolos aspectos da actividade da concesionaria e o control do cumprimento das obrigas da concesionaria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 15 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. *Presidida polo alcalde ou concelleiro en quen delegue, formará parte da mesma un concelleiro por cada grupo municipal con voto ponderado e reunirse semanalmente a continuación do Consello da Xerencia de Urbanismo.*

O Pleno considerará.

Artigo 46.3 (Convocatoria do Pleno)

Engade un segundo parágrafo o novo apartado 3.

“Consideraranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, u outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan axeitadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.”

O Pleno considerará.

Artigo 47.1 (Lugar de celebración das sesións do Pleno)

Propón a *celebración das sesións do Pleno no Auditorio Municipal da Casa do Concello.*

O Pleno considerará.

Artigo 50.3 (Publicidade das sesións)

Propón a supresión do apartado 3 relativo ás perturbacións das sesións polos cidadás asistentes. Na súa substitución propónse a seguinte redacción,

“As sesións do pleno gravaranse en soporte audiovisual de xeito que permita a súa emisión en directo e a obtención dun arquivo audiovisual da sesión que se incorporará como anexo á Acta. O arquivo audiovisual das sesións plenarias e se publicará na sede electrónica do Concello en soporte que permita a súa visualización e descarga”.

En sesión de data 27.01.2021 o Pleno, en cumprimento do previsto no Decreto 24/2018 e no uso da súa potestade de autoorganización, acordou a gravación das sesións en soporte de audio ou audiovisual para a súa incorporación a Acta da sesión. O parágrafo proposto non menciona a posibilidade de arquivo de audio.

O Pleno considerará.

Artigo 55.1 (Nomenclatura. Declaracións Institucionais)

No primeiro parágrafo de apartado 1 propón que nas *Declaracións Institucionais* sexa a Xunta de Voceiros a que determine se son, ou non, obxecto de debate.

Engade un segundo parágrafo co seguinte contido,

“A Xunta de Voceiros será convocada para o coñecemento da solicitude de declaración e consensuará o texto que será sometido ao Pleno. Non se incluírán na orde do día da sesión plenaria solicitudes de declaración institucional sobre as que a Xunta de Voceiros non acadase acordo unánime.”

A fixación da Orde do Día nas sesións plenarias -implícita na convocatoria das sesións do Pleno- é atribución do alcalde, artigo 124. 4.d). LBRL. A Xunta de Voceiros, órgano consultivo, pode propoñer ou instar ao alcalde a inclusión, ou non



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 16 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

inclusión, dunha determinada Declaración Institucional na Orde do Día, o que non pode o ROP é limitar a atribución de determinar a Orde do Día condicionándoa a un acordo unánime da Xunta de Voceiros.

Procede a non consideración da proposta.

Artigo 56 (Debate dos asuntos de tramitación ordinaria).

No apartado 2 propón que o tempo de intervención nos debates sexa determinado na Xunta de Voceiros; no caso de que a Xunta de Voceiros non o determine será de cinco minutos.

Engade un novo apartado 9 sinalando que as regras contidas no artigo serán de aplicación supletoria no debate dos asuntos que non teñan a condición de ordinarios e carezan de regulación específica.

O Pleno considerará.

Artigo 57 (Debate dos asuntos de dación de conta).

No apartado 2 propón que o tempo de intervención nos debates sexa determinado na Xunta de Voceiros; no caso de que a Xunta de Voceiros non o determine será de cinco minutos.

O Pleno considerará .

Artigo 58 (Intervención por alusións).

Propón a supresión da expresión “*avaliadas as circunstancias*” para o suposto de que a Presidencia acorde, ou non, conceder o uso da palabra a un concelleiro ou o Voceiro dun grupo político cando foran obxecto dunha alusión que afecte ao decoro, boa imaxe ou dignidade do concelleiro ou Grupo.

A expresión “*avaliadas as circunstancias*” (motivación) é obrigada; corresponde á Presidencia (non o concelleiro ou Grupo aludido) considerar, motivar, se a alusión ten afectado ao decoro, boa imaxe ou dignidade.

Procede a non consideración da proposta.

Artigo 64.3 (Mocións de control).

Propón nova redacción do apartado 3.

“Cada grupo poderá presentar as Mocións que estime oportuno co límite de tres en cada sesión plenaria. A Xunta de Voceiros establecerá os tempos de intervención.”

O Pleno considerará.

Artigo 65 (Debate e votación das Mocións de control)

No apartado 2 propón que o tempo de intervención nos debates sexa determinado na Xunta de Voceiros; no caso de que a Xunta de Voceiros non o determine será de cinco minutos.

O Pleno considerará.

Artigo 66 (Rogos)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 17 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Modifica o inciso final do precepto no sentido de indicar de que en caso que o rogo non sexa obxecto de resposta antes da seguinte sesión o concelleiro competente por razón da materia comparecerá na próxima sesión debendo o alcalde incluír a comparecencia na Orde do Día da sesión.
O Pleno considerará.

Artigo 67 (Preguntas)

Modifica o inciso final do precepto no sentido de indicar de que en caso que a pregunta non sexa obxecto de resposta antes da seguinte sesión o concelleiro competente por razón da materia comparecerá na próxima sesión debendo o alcalde incluír a comparecencia na Orde do Día da sesión.
O Pleno considerará.

Artigo 68 (Comparecencia de concelleiros delegados)

Engade un inciso final mencionando as comparecencias consecuencia de rogos ou preguntas non respostadas.

O Pleno considerará.

Artigos 72, 73, 74, 75 e 76 (Actas do Pleno)

A proposta de modificación do ROP que consta no Expediente deixando sen contido os artigos 72, 73, 74, 75 e 76 relativos ás Actas do Pleno é consecuencia de acordo plenario acadado en sesión de data 27.01.2021. A proposta do Grupo Popular recupera o contido destes artigos con unha redacción similar á acordada en sesión de data 27.01.2021 coa excepción de que o soporte electrónico a incorporar a Acta sexa, en todo caso, audiovisual.

O Pleno considerará.

Artigo 80 (Debate e ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno) [Aprobación de disposicións regulamentarias]

Propón a modificación do apartado 4 no sentido de establecer que os tempos de intervención no Pleno sexan determinados en Xunta de Voceiros.

O Pleno considerará.

Artigos 90, 91 e 92 (Procedemento de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal)

Propónse a creación polo ROP do *Consello Municipal de Urbanismo* como órgano participativo de carácter consultivo para a tramitación do PXOM; serán funcións do Consello, a participación dos axentes económicos e sociais da Cidade na elaboración do PXOM; coñecer e validar os traballos de elaboración do planeamento; participar na redacción do PXOM en colaboración co equipo redactor e emitir informe con carácter previo aos acordos de aprobación. Disciplina a súa composición (Presidencia do alcalde, un membro de cada un dos grupos políticos municipais, tres membros en representación das centrais sindicais; tres membros en representación das organizacións empresariais; seis representantes nomeados pola Federación de Asociacións de Veciños e tres representantes nomeados un polo COAG Vigo, Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos e Colexio de Abogados de Vigo). Conclúe mencionando o seu funcionamento

O Pleno considerará.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 18 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sendo a emenda á totalidade con proposta de texto alternativo o Pleno pronunciarase sobre o conxunto do texto alternativo; non obstante o Pleno pode modificar a proposta que consta no Expediente considerando a incorporación daqueles artigos da emenda que estime conveniente.

II. Emendas do Grupo Político Municipal Mixto.

Os concelleiros do Grupo Mixto presentan escrito motivando o conxunto das súas emendas ao articulado e motivando especificamente cada unha delas.

Artigo 2 (Idiomas do Pleno).

Emenda de supresión. Suprime a expresión *“Nos debates utilizarase o galego ou castelán”* localizada no último parágrafo do artigo.
O Pleno decidirá.

Artigo 9.2. (Dereitos de carácter político e representativo)

Emenda de substitución. Nova redacción do apartado 2.

“Os concelleiros/as, previa solicitude, obterán de Alcaldía, da Xunta de Goberno Local, dos/das presidentes das comisión, dos concelleiros/as delegados/as ou dos/das presidentes dos organismos municipais cantos antecedentes datos ou información obren en poder dos servizos e resulten precisos para o desenvolvemento da función.

A solicitude será resolta motivadamente e notificada nos cinco días naturais seguintes ó da presentación. Entenderase autorizada por silencio se non se dita e notifica resolución no dito prazo”.

O Pleno decidirá.

Artigo 9.3. (Dereitos de carácter político e representativo)

Emenda de supresión. Suprime os seguintes parágrafos do apartado 3.
“A petición de copias en ningún caso referirase a solicitudes xenéricas e concretará o obxecto da información.....

O exercicio deste dereito non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa; non se librarán copias dos documentos que consten nos distintos portais informáticos do Concello e sexan de libre acceso os concelleiros”.

O obrigado formato electrónico da totalidade dos Expedientes, artigo 70.2 LPAC, converte a observancia do principio de eficacia en irrelevante en tanto en canto non será necesaria, nin a solicitude de copias, nin, en consecuencia, a súa expedición. O ROP mantén o precepto na consideración de que a solicitude poida referirse a Expedientes anteriores a entrada en funcionamento da aplicación informática *“Xestión de Expedientes”* e no suposto de que esta petición sexa excesiva, previsión contemplada no artigo 18.1.e) LTBG, precepto básico.
Procede a desestimación da emenda.

Artigo 21.1 (Composición e constitución) [Dos Grupos Políticos Municipais] Emenda de substitución no apartado 1.

“Os grupos municipais constarán de polo menos dous concelleiros. Por acordo dos grupos municipais poderán, para o maior funcionamento democrático e orgánico, constituírse grupos de candidaturas municipais que só obtivesen un concelleiro”



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 2870/1101

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 19 de 79

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

A LALGA no artigo 74.4 indica, “Integraranse en todo caso no grupo mixto os membros dos partidos políticos, coalicións ou agrupacións que non houberen obtido un mínimo de dous escanos”.

O concepto de “grupo parlamentario” (grupo político municipal) ten causa no Regulamento do Congreso dos Deputados, artigos 23 e ss. A xurisprudencia constitucional, por todas, STC 64/2002, FX 3, os concibe com“(…) entes imprescindibles e principais na organización e funcionamento da Cámara, así como no desempeño das funcións parlamentarias e nos beneficios que leva consigo a adquisición de tal status, aquela facultade constitúe unha manifestación constitucionalmente relevante del ius in officium do representante. (...)”.

A totalidade da doutrina concibe os grupos parlamentarios como unha decisión legal de carácter organizativo que ten a súa xustificación na organización, na racionalización, na eficiencia e no dinamismo do traballo parlamentario o entender que o elevado número de membros que integran o Congreso (350) recomenda a adscrición de cada un deles a un grupo integrándose no *mixto* -o fin de evitar un excesivo fraccionamento no número de grupos- os membros das formacións políticas que non obtiveron un mínimo de escanos e polo menos unha determinada porcentaxe de votos nas circunscricións nas que houberen presentado candidatura ou no conxunto da Nación; neste sentido o *grupo mixto* é unha garantía de participación política.

A totalidade dos Parlamentos Autonómicos, nos seus Regulamentos, considerando tamén o elevado número dos seus membros, teñen reproducido, con maior ou menor precisión, tal esquema de división racional do traballo nas Asembleas parlamentarias.

A perversión do sistema no ámbito municipal xurde na lexislación autonómica de réxime local, LALGA, que comete o exceso de reproducir para os Plenos dos Concellos, con mimetismo, a idea do *grupo mixto* obviando que o número de membros nos Plenos municipais é substancialmente inferior o número de parlamentarios autonómicos (75) ou de deputados no Congreso (350), motivo preciso para considerar que a razón de ser de tal grupo mixto, é dicir, a necesidade de evitar un excesivo fraccionamento ou número abusivo de grupos municipais, así como a racionalización, a organización, a simplificación e o funcionamento do traballo no Pleno, non require no ámbito municipal de tal grupo tanto desde unha perspectiva estrutural (número de membros nos Plenos) como material (ausencia de potestade lexislativa nos Plenos).

A proposta de que un só concelleiro poda constituírse en Grupo Político Municipal é razoable desde a interpretación mais favorable aos dereitos fundamentais a desenvolver, artigos 23.1 e 232. da CE, non obstante tal razoabilidade entra en evidente colisión coa vixente normativa autonómica, artigo 74.4 LALGA, unha cuestión que tan só pode ser obxecto de resolución mediante o planteamento dunha cuestión de inconstitucionalidade, ou mediante a reforma da normativa autonómica no sentido de indicar, ao igual que o artigo 50.2 do Decreto Lexislativo 2/2003, de 28 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei municipal e de réxime local de Cataluña, “Cada lista electoral que obteña representación no concello pode formar grupo municipal”, posibilidades que exceden das limitadas potestades municipais. En similar sentido, Lei 1/2003, de 3 de marzo, de Administración Local da Rioxa, artigo 122.2, e Lei 8/2010, de 23 de xuño, de Réxime Local da Comunitat Valenciana, artigo 134.2.

Respecto do primeiro inciso (“Os grupos municipais constarán de polo menos dous concelleiros”) o Pleno resolverá.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 20 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Respecto do segundo inciso (*Por acordo dos grupos municipais poderán, para o maior funcionamento democrático e orgánico, constituírse grupos de candidaturas municipais que só obtivesen un concelleiro*) procede, polas razóns expostas, a desestimación da emenda.

Artigo 22.3 (Dereitos económicos e funcionais dos grupos políticos municipais)

Emenda de substitución o apartado 3.

“Cada grupo municipal disporá de un lugar de traballo no edificio do Concello para as tarefas propias de cada grupo. Este espazo terá as condicións de tamaño, recursos e disposición física que figuren na lexislación vixente en materia de seguridade e saúde laboral. A maiores, cando o permitan as posibilidades funcionais da organización administrativa municipal, os Grupos disporán no Concello de espazos propios ou comúns aos grupos para reunirse e recibir visitas dos cidadáns; o concelleiro delegado da Área de Réxime Interior porá a súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais”.

O Pleno resolverá

Artigo 29.1 (Réxime xurídico e de funcionamento) [Xunta de Voceiros]

Emenda de substitución o apartado 1.

“A Xunta de Voceiros reunirse coa mesma periodicidade que o Pleno, con carácter ordinario no terceiro día hábil anterior o de realización das sesións ordinarias ou extraordinarias non urxentes; celebrará sesións extraordinarias cando así o decida o alcalde, a iniciativa propia, ou a petición razoada de calquera dos seus membros”.

O Pleno resolverá.

Artigo 33 (Comisións Permanentes. Atribucións)

Emenda de engádegas. Engádegase o precepto un novo epígrafe d) co seguinte contido:

“Nas comisións darase conta das mocións presentadas polos grupos municipais dende a anterior convocatoria das mesmas”.

O Pleno resolverá.

Artigo 34.3 (Comisións obrigatorias) [Comisión de vixilancia da contratación]

Emenda de engádegas. Engádegase o apartado 3 un novo epígrafe d) co seguinte contido:

“A súa convocatoria será formalizada mensualmente previa á convocatoria de pleno ordinario”.

O Pleno resolverá.

Artigo 49.1 (Publicidade das sesións)

Emenda de supresión. Propón a supresión da expresión *“nin exhibirá carteis, pancartas ou similares”* no segundo parágrafo do apartado 1.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 21 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O artigo 88.3 do ROFCL advirte, "O público asistente ás sesións no poderá intervir nestas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado" A exhibición de pancartas polo público asistente o Pleno pode constituír, STS de 24.09.2007, un suposto de manifestación de agrado ou desagrado. Na mesma sentenza se sostén que vulnera o dereito de participación política o feito de que o alcalde permita a lectura, o inicio da sesión, dun manifesto por parte dun membro do público que afectaba directamente á liberdade de ánimo dos representantes dos cidadáns, en relación co asunto a votar.

O Pleno é o máximo órgano de representación política dos cidadáns no goberno municipal, artigo 122.1 LBRL. As súas sesións son solemnes. O orde na sesión (evitando a exhibición de pancartas por parte do público asistente á sesión) ten como fin acadar o normal funcionamento dunha actividade pública; o normal funcionamento dos servizos e das actividades públicas é un principio obrigado de actuación das Administracións.

Procede, polas razóns expostas, a desestimación da emenda

Artigo 49.5 (Publicidade das sesións)

Emenda de supresión. Propón no apartado 5 a supresión da expresión, "*ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións*"

O normal desenvolvemento da sesión tamén debe ser observado co fin de facilitar e posibilitar o traballo dos medios de comunicación; o reducido aforo do Salón de Sesións non permite, en determinadas ocasións, a presenza de todos os medios de comunicación que o pretenden; este feito constitúe unha imposibilidade material que é preciso disciplinar de xeito razoable. A autorización é obrigada.

Procede, polas razóns expostas, a desestimación da emenda

Artigo 54.1 (Nomenclatura) [Intervención no Pleno dos cidadáns]

Emenda de substitución. Propón a substitución do último inciso do apartado 1, "a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde, que non será inferior a cinco minutos, e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión" polo seguinte contido:

"As intervencións que teñan relación cun dos puntos da orde do día, entenderanse aprobadas por norma xeral, pola súa orde de chegada, co único límite por funcionalidade, de dúas intervencións por pleno, a súa intervención, terá unha duración determinada polo alcalde de entre 5 e 10 minutos e a través dunha/dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión"

O Pleno resolverá.

Artigo 55.2 (Debate dos asuntos de tramitación ordinaria)

Emenda de substitución. Apartado 2. Propón manter o Regulamento na redacción actual engadindo o final do apartado o seguinte texto, "*No caso en que o goberno local estivese formado por varios grupos municipais por acordo dos mesmos poderán dividirse as intervencións do goberno local*".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 22 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O Pleno resolverá.

Artigo 66.5 (Preguntas)

Emenda de substitución. Apartado 5. Propón a seguinte texto,

“A formulación de preguntas limitarase a un máximo de 4 por cada grupo político municipal que non forme parte do equipo de goberno, os/as concelleiros/as non adscritos poderán formular unha pregunta en cada sesión sen prexuízo de que este número se poda incrementar por acordo plenario”.

O Pleno resolverá.

Artigo 88.1 (Da iniciativa regulamentaria dos veciños)

Emenda de substitución. Apartado 1. Propón substituír a expresión “...pola porcentaxe do 10 % dos veciños do municipio” por a seguinte redacción “ ... pola porcentaxe do 8% do censo electoral municipal”

O artigo 70 bis.2.c) da LBRL, precepto básico, advirte que no municipios da mais de 20.001 habitantes é necesaria que a iniciativa popular regulamentaria sexa subscrita por o 10 % dos veciños do municipio.

Procede a desestimación da emenda.

Artigo 89 (Do “Esaño Cidadá”)

Emenda de engádegas. Propón un novo artigo 89 co seguinte texto,

“Finalizada a sesión do Pleno, o/o Presidente/a abrirá unha quenda de rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal entre o público asistente. Corresponde ao/ao Presidente/a ordenar e pechar esta quenda.

Cada rogo ou pregunta deberá ser presentado por unha única persoa. No caso de corresponder a un colectivo, intervira no seu nome e representación un único representante do mesmo.

Cada intervención terá unha duración máxima de tres minutos.

Non se permitirán expresións descalificadoras, ofensivas ou inxuriosas cara a persoas ou entidades, correspondendo ao/ao Presidente/a, no seu caso, a potestade de retirar o uso da palabra.

As intervencións faranse desde o escano cidadán, que será posto a disposición da veciñanza na primeira sesión plenaria na que se exercite o dereito de intervención.

O/o Presidente/a ordenará, no seu caso, as intervencións do Goberno e a oposición que se produzan á mantenta de cada unha das intervencións.

O Pleno decidirá.

III. Emendas do concelleiro non adscrito.

O concelleiro non adscrito, mediante escrito no que se motiva o carácter das emendas, presenta as seguintes ao articulado,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 23 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Artigo 2 (Idiomas do Pleno)

Emenda de supresión. Supresión do último inciso *“Nos debates utilizarase o galego ou castelán”*.

O Pleno decidirá.

Artigo 9.6 (Dereitos de carácter político e representativo)

Emenda de modificación. Modificación do apartado 6 co seguinte texto,

“O acceso libre á información; o libramento de copias nos casos de libre acceso e o acceso que requira autorización materializárase, no seu caso, mediante a autorización de acceso electrónico o Expediente solicitado na aplicación informática “Xestión de Expediente”. No caso de que por algunha incidencia técnica ou polas limitacións derivadas da propia aplicación algunha peza documental do expediente non fora accesíbel a través desta, poderá librarse copia a través de outros soportes dixitais á persoa solicitante.

A autorización electrónica outorgárase no prazo sinalado no apartado 4 e o será por un prazo de seis días hábiles, a contar desde as 9:00h do día posterior á habilitación do acceso e da súa comunicación por medios fehacientes á persoa solicitante. No caso de se producir algunha incidencia que impidise o acceso total ou parcial ao expediente na aplicación informática, e previa comunicación da mesma pola persoa solicitante, o prazo de dispoñibilización ampliarase por outros dous días hábiles.

A autorización de acceso realizarase pola unidade administrativa responsábel da tramitación e instrución do Expediente previa orde de servizo do concelleiro/a delegado/a que poderá ser verbal. A negativa da información solicitada será acordada, no seu caso, mediante Resolución motivada que dítarase e notificarase no prazo de cinco días naturais seguintes á solicitude.

Ao se tratar de documentación dixitalizada, a xestión do expediente por unha unidade administrativa ou a realización de trámites no mesmo non poderá motivar ningunha demora no acceso ao mesmo.”

O Pleno decidirá.

Artigo 21.1 (Composición e constitución) [Dos Grupos municipais]

Emenda de supresión. Supresión no apartado 1 do inciso *“Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros”*.

O Pleno decidirá.

Artigo 22

Debe entenderse que a emenda o é ao artigo 21.2.

Emenda de substitución. Propón no apartado 2 a seguinte redacción, *“Integráranse no Grupo Mixto aqueles concelleiros/as que teñan sido expulsados do seu Grupo Municipal”*

O artigo 73.3 da LBRL, precepto básico, sinala, *“Os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan con excepción de aqueles que non se integren no grupo político que*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 24 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

constitúa a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.”

A expulsión do grupo supón o abandono do grupo. E expulsión e o abandono do grupo teñen similar consideración no último parágrafo do artigo 73.3 LBRL.

Procede a desestimación da emenda.

Artigo 34.3 (Comisións obrigatorias)

Emenda de engádegas. Propón no epígrafe a) do apartado 3 (Comisión de Vixilancia da Contratación) a seguinte engádegas, *“Reunirase como mínimo con carácter mensual con anterioridade á convocatoria de sesión ordinaria do Pleno”*

O Pleno decidirá.

Artigo 45.3 (Convocatoria e expediente da sesión)

Emenda de substitución. Propón no apartado 3 o seguinte texto,

“Cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial da sesión, o Pleno e as Comisións do Pleno, apreciada a concorrencia da situación descrita polo alcalde ou alcaldesa, ou quen validamente lle substitúa, e previo acordo na Xunta de voceiros/as, a efecto da convocatoria, constituiranse, celebrarán sesións e adoptarán acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que as e os seus membros se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles/as en tempo real durante a sesión.

Consideraranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, u outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan axeitadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política das e dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten”.

O Pleno decidirá.

Artigo 49.1 (Publicidade das sesións)

Emenda de supresión. Propón a supresión da expresión *“nin exhibirá carteis, pancartas ou similares”* no segundo parágrafo do apartado 1.

O artigo 88.3 do ROFCL advirte, *“O público asistente ás sesións no poderá intervir nestas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado”* A exhibición de pancartas polo público asistente o Pleno pode constituír, a xuízo da STS de 24.09.2007, un suposto de manifestación de agrado ou desagrado.

O Pleno é o máximo órgano de representación política dos cidadáns no goberno municipal, artigo 122.1 LBRL. As súas sesións son solemnes. O orde na sesión (evitando a exhibición de pancartas por parte do público asistente á sesión) ten como fin acadar o normal funcionamento dunha actividade pública; o normal funcionamento dos servizos e das actividades públicas é un principio obrigado de actuación das Administracións.

Procede a desestimación da emenda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 25 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Artigo 49.5 (Publicidade das sesións)

Emenda de supresión. Propón no apartado 5 a supresión da expresión, *“ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións”*

O normal desenvolvemento da sesión tamén debe ser observado co fin de facilitar e posibilitar o traballo dos medios de comunicación; o reducido aforo do Salón de Sesións non permite, en determinadas ocasións, a presenza de todos os medios de comunicación que o pretenden; este feito constitúe unha imposibilidade material que é preciso disciplinar de xeito razoable. A autorización é obrigada.

Procede a desestimación da emenda

Artigo 54.1 (Nomenclatura. Intervención no Pleno dos cidadáns)

Emenda de modificación. Propón no apartado 1., Intervención no Pleno dos cidadáns, o seguinte texto,

“Intervencións no Pleno de colectivos sociais. Cando as asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as desexen efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da Orde do Día ou asunto de interese xeral deberán solicitarllo á alcaldía, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno; o escrito presentarase con antelación á convocatoria da sesión; as intervencións serán incluídas por acordo da Xunta de Voceiros por orde de chegada e realizarase polo tempo que determine a alcaldía, que non será inferior a cinco minutos, e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión. Poderán incluírse un máximo de 3 intervencións cidadás por sesión.”

O Pleno decidirá.

Artigo 55.2 (Debate dos asuntos de tramitación ordinaria)

Emenda de substitución. Propón no apartado 2 do artigo o seguinte texto,

“Concluída a intervención anterior, os diversos Grupos políticos municipais, con excepción do Grupo ao que este adscrito o concelleiro/a do Goberno que teña realizado a intervención inicial de exposición e xustificación da proposta, de menor a maior representación, consumirán unha quenda de cinco minutos que materializarán a través da intervención dun só concelleiro”.

O Pleno decidirá.

Artigo 63 (Mocións de control)

Emenda de substitución. Propón no apartado 3 do artigo o seguinte texto,

“Cada Grupo Municipal poderá presentar un máximo de 3 propostas de moción para cada sesión ordinaria.”

Artigo 65 (Rogos)

Emenda de substitución. Propón no apartado 3 do artigo o seguinte texto,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 26 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“Cada grupo municipal poderá formular un máximo de 3 rogos en cada sesión ordinaria”.

O Pleno decidirá.

Artigo 66.1 (Preguntas)

Emenda de substitución. Propón o seguinte contido o apartado 1 do artigo,

“Son preguntas calquera cuestión concreta e determinada dirixida aos órganos de goberno e as persoas que os integran no seo do Pleno ou nas Comisións interrogando sobre un só feito, unha información, unha situación, ou unha actuación dentro da esfera de responsabilidade da persoa preguntada. Poderán ser formuladas preguntas para a súa resposta oral ou por escrito.

As preguntas para resposta oral serán contestadas na mesma sesión do Pleno ou Comisión na que se formulen no caso de teren sido rexistradas por escrito cunha anterioridade de tres días hábiles á realización da mesma. De non ter sido rexistradas, poderán presentarse in voce na propia sesión pero a súa resposta terá lugar na sesión seguinte a non ser que o preguntado/a queira dar resposta inmediata. Só caberá a posibilidade de resposta escrita a unha pregunta oral coa expresa aceptación do ou da interpelante e esta realizarase dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da sesión na que se formularan. As preguntas para resposta oral serán formuladas cunha intervención inicial de 2 minutos, seguida dunha quenda de resposta polo Grupo de Goberno de outros 2 minutos. Poderá haber quenda de réplica da/o interpelante e contraréplica da/o interpelado con intervencións de un minuto.

No caso das preguntas para resposta escrita estas poderán presentarse até tres días hábiles antes da celebración da sesión do Pleno ou Comisión e deberán ser contestadas dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da sesión correspondente.

Non será preciso que as ordes do día recollan a relación de preguntas rexistradas pero si se incorporarán nas actas correspondentes.”

O Pleno decidirá.

Artigo 66.3 (Preguntas)

Emenda de supresión. Propón a supresión do apartado 3.

O Pleno decidirá.

Artigo 66.4 (Preguntas)

Emenda de supresión. Propón no apartado 4 a supresión do seguinte inciso, *“nin as que sexan reiterativas doutras substanciadas no mesmo ano”*

O Pleno decidirá.

Artigo 66.5 (Preguntas)

Emenda de substitución. Propón no apartado 5 a substitución dos dous primeiros incisos co seguinte contido,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 27 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“Cada Grupo Municipal poderá formular para cada sesión ordinaria de Pleno ou Comisión un máximo de 3 preguntas para a súa resposta oral e outras 3 preguntas para a súa resposta escrita.”

O Pleno decidirá.

Artigo 67.1 (Comparecencia dos concelleiros delegados)

Emenda de substitución. Propón no apartado 1 do artigo o seguinte texto,

“Os Grupos Municipais poderán solicitar a comparecencia en Pleno dun ou dunha membro do goberno, ou do alcalde ou alcaldesa, ao obxecto de responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación ou sobre un asunto determinado. O Pleno aprobará, ou non, por votación e con maioría simple a comparecencia que se materializará na sesión ordinaria inmediatamente posterior. Cada Grupo Municipal poderá rexistrar, con anterioridade á Xunta de Voceiros/as que ditamine a orde do día de cada sesión Plenaria, unha solicitude de comparecencia.”

O Pleno decidirá.

Artigo 67.2 (Comparecencia dos concelleiros delegados)

Emenda de supresión. Propón a supresión do apartado 2 do artigo

O Pleno decidirá.

Artigo 67.5 (Comparecencia dos concelleiros delegados)

Emenda de supresión. Propón a supresión do apartado 5 do artigo.

O Pleno decidirá.

Artigos 71, 72, 73 e 74 (Actas do Pleno)

Emenda de modificación. A proposta de modificación do ROP que consta no Expediente deixando sen contido os artigos 71, 72, 73 e 74 relativos ás Actas do Pleno é consecuencia de acordo acadado en sesión de data 27.01.2021. A emenda do concelleiro non adscrito recupera o contido destes artigos refundidos no artigo 71 con unha redacción idéntica á acordada en sesión de data 27.01.2021.

O Pleno decidirá.

Novo artigo (Tribuna veciñal)

Emenda de engádegua. Propón a inclusión no ROP dun novo artigo co seguinte contido,

“Concluídos todos os puntos da orde do día da sesión Plenaria ordinaria, abrirase unha quenda de rogos e preguntas para a súa formulación por representantes de entidades asociativas ou cidadanía a título individual.

Cada rogo ou pregunta exporase nunha única intervención por un tempo máximo de un minuto e realizarase desde un atril instalado de maneira visíbel no salón de Plenos a carón dos asentos dos e das membros da Corporación. A persoa intervinte deberá atender as instrucións da presidencia na organización da sesión



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 28 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

e non se permitirán expresións ofensivas ou inxuriosas, o que poderá motivar a retirada do uso da palabra.

A formulación de rogo ou pregunta deberá solicitarse con carácter previo á convocatoria da sesión Plenaria en escrito dirixido á alcaldía. En cada sesión poderán incorporarse un máximo de 5 intervencións, por orde de chegada e a súa inadmisión motivada requirirá do acordo da Xunta de Voceiros/as.

Rematada a exposición de todos os rogos e preguntas incluídos neste apartado, os grupos municipais poderán intervir de maior a menor para pronunciarse sobre o contido dos mesmos nunha única intervención global de 2 minutos de duración.”

O Pleno decidirá.

Disposición adicional

A emenda propón unha Disposición adicional a incluír no texto do ROP para o suposto de que fora estimada a emenda relativa á constitución dos Grupos Políticos Municipais.

De producirse a estimación mencionada o texto proposto como Disposición adicional tería maior encaixe técnico na parte dispositiva do acordo a adoptar.

Emenda á totalidade

Someter todo o texto á revisión lingüística e corrixir a linguaxe non inclusiva en termos de xenro.

O Pleno decidirá.

IV. Tramitación.

O artigo 78 do ROP sinala,

Debate e ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno

1. O debate na Comisión Informativa referirase ao texto do proxecto e as emendas presentadas. No curso do debate os grupos municipais poderán presentar emendas de corrección técnica ou transaccionais. Son transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre el proxecto orixinal e as emendas presentadas ao mesmo.

2. Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado ao Pleno. O ditame da Comisión consistirá no texto do proxecto inicial coas modificacións que resulten da incorporación das emendas que houberan sido aprobadas o ter obtido o voto favorable da maioría da Comisión.

3. Os Grupos, nas vinte e catro horas seguintes á fecha de emisión do ditame, en escrito dirixido á Presidencia presentado no Rexistro do Pleno, comunicarán as emendas que, habendo sido defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.

4. Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas salvo as relativas á subsanación de erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 29 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O debate no Pleno comezará pola exposición que do proxecto realice un membro do equipo de goberno, a continuación os Grupos municipais fixarán a súa posición e, no seu caso, defenderán as emendas presentadas non incorporadas ao ditame, concluído o debate o membro do goberno, en primeiro lugar someterá a votación as emendas e acto seguido producirase votación sobre o texto resultante.

5. Os tempos de intervención serán os previstos no artigo 55 deste Regulamento, non obstante a Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta da Xunta de Voceiros poderá acordar a súa ampliación cando a transcendencia da norma o requira."

DITAME. A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, en data 17.02.2021, rexeitou a totalidade das emendas presentadas e emitiu ditame favorable á proposta que consta no Expediente.

Incidencia. No transcurso do debate incorpórase á sesión a Sra. Rodríguez Calviño.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN E ACORDO.

PRIMEIRO. Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvariza, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, acórdase rexeitar a emenda á totalidade presentada polo grupo municipal do Partido Popular (texto alternativo á proposta).

SEGUNDO. Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, acórdase rexeitar as emendas de engádeda, modificación ou supresión presentadas polo grupo municipal Mixto.

TERCEIRO. Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 30 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

acórdase rexeitar as emendas de engádeda, modificación ou supresión presentadas polo concelleiro non adscrito.

CUARTO. Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, acórdase a aprobación inicial da modificación puntual do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo concretada nos artigos que constan no ANEXO a este acordo.

QUINTO. A aprobación inicial someterase a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días mediante inserción de anuncio no BOP e na Sede Electrónica do Concello de Vigo para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de non se presentaren reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado o texto aprobado inicialmente.

SEXTO. No caso de aprobación definitiva a Secretaría xeral do Pleno publicará no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo que entrará en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LBRL.

ANEXO

Artigo 9.6 Dereitos de carácter político e representativo.

6. O acceso libre á información; o libramento de copias nos casos de libre acceso e o acceso que requira autorización materializarse, no seu caso, mediante a autorización de acceso electrónico o Expediente solicitado na aplicación informática "Xestión de Expedientes".

A autorización electrónica outorgarase no prazo sinalado no apartado 4 e o será por un prazo de dous días hábiles.

A autorización á aplicación informática implica tanto a autorización de acceso peticiónada como a entrega das copias solicitadas.

A autorización de acceso realizarase pola unidade administrativa responsable da tramitación e instrucción do Expediente previa orde de servizo do concelleiro/a delegado/a que poderá ser verbal. A negativa da información solicitada será acordada, no seu caso, mediante Resolución motivada que ditarase e notificarase no prazo dos cinco días naturais seguintes á solicitude.

Artigo 15.1 Xestión do Rexistro. [Rexistro de Intereses]

1. As declaracións realizaranse en soporte dixitalizado conforme os modelos previstos no Anexo a este Regulamento ...

Artigo 41. Sen contido.

Artigo 45.3. Convocatoria e expediente da sesión.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 31 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. Cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial da sesión, o Pleno e as Comisións do Pleno, apreciada a concorrencia da situación descrita polo alcalde ou quen validamente le substitúa a efecto da convocatoria, constituiranse, celebrarán sesións e adoptarán acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Asi mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión.

Consideraranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, u outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan axeitadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten”.

Artigo 52.3 Dación de conta de Resolucións.

3. O debate que se suscite na dación de conta seguira as regras do previsto no artigo 55 deste Regulamento”.

Artigo 55.2 Debate dos asuntos de tramitación ordinariaTerceiro parágrafo primeiro inciso.

- Concluída a intervención anterior, os diversos Grupos, de menor a maior, consumirán unha quenda de cinco minutos que materializarán a través da intervención de un só concelleiro. No caso de igualdade nos Grupos no número de compoñentes decidirá a súa orde de intervención a Presidencia. Sen prexuízo da defensa dos Votos Particulares formulados en Comisión e das emendas presentadas poderán expoñerse “in voce” emendas transaccionais; considéranse emendas transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre a proposta de acordo que conste no expediente e as emendas presentadas. As intervencións concluirán expoñendo o sentido do voto do Grupo Municipal.

Artigo 71. Sen contido.

Artigo 72. Sen contido.

Artigo 73. Sen contido.

Artigo 74. Sen contido.

Artigo 86. Sen contido.

TÍTULO VIII

Do Rexistro electrónico do Pleno

Artigo 89. Creación do Rexistro electrónico do Pleno do Concello de Vigo.

1. O funcionamento do Rexistro do Pleno será electrónico, a tal fin créase o Rexistro electrónico do Pleno do Concello de Vigo para a recepción de iniciativas e outros documentos presentados por vía electrónica, mediante sinatura electrónica dirixidos o Pleno e as súas Comisións en asuntos relacionados co o seu ámbito de competencias.

2. Os documentos presentados de maneira presencial ante o Rexistro do Pleno, serán dixitalizados para a súa incorporación o expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais o interesado.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 32 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. O funcionamento do Rexistro electrónico rexerá polo establecido na presente Ordenanza e polas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Artigo 90. Xestión do Rexistro electrónico do Pleno.

1. O Rexistro electrónico do Pleno é un rexistro único de carácter secuencial que permitirá ter constancia da data, hora e número de orde de presentación, requisitos necesarios para comprobar o cumprimento dos prazos das diferentes iniciativas presentadas.

2. Calquera documento presentado ante o Rexistro electrónico do Pleno non relacionado co o seu obxecto non producirá efecto e se terá por non presentado comunicándose o remitente tal circunstancia con indicación, no seu caso, dos rexistros que corresponda.

3. A coordinación, responsabilidade e xestión do Rexistro electrónico do Pleno corresponde o secretario xeral do Pleno.

Artigo 91. Acceso o Rexistro electrónico do Pleno. Identificación e sinatura electrónica.

1. O Rexistro electrónico do Pleno será accesible a través do portal web do Concello de Vigo na dirección <http://vigo.org>

2. A presentación de documentos no Rexistro realizarase utilizando, no seu caso, os modelos normalizados que consten na páxina de acceso o mesmo que indicarán os datos de cumprimentación obrigatoria para a súa aceptación; poderán aportarse documentos que acompañen o correspondente escrito cando cumpran os estándares de formato e requisitos de seguridade predeterminados.

3. A presentación de documentos no Rexistro electrónico do Pleno esixirá a utilización dos sistemas de identificación e sinatura electrónica establecidos na presente Ordenanza, admitírase o de sinatura electrónica incorporada o DNIe.

Artigo 92. Calendario, horarios e cómputo de prazos.

1. O Rexistro electrónico do Pleno permitirá a presentación de iniciativas e documentos todos os días do ano durante as 24 horas sen prexuízo das interrupcións por razóns técnicas previsibles das que informárase coa antelación necesaria en cada caso cando resulte posible. Caso de interrupción non planificada o usuario visualizará unha mensaxe que comunicará tal circunstancia. A imposibilidade de utilizar o Rexistro remitirá aos usuarios á utilización alternativa do lugar de presentación.

2. O Rexistro electrónico do Pleno rexerá pola data e hora oficial da sede electrónica do Concello de Vigo. A efectos do cómputo de prazos, a presentación de escritos en día inhábil entenderase realizada ás cero horas do día hábil seguinte.

Artigo 93. Anotacións no Rexistro.

1. A presentación de iniciativas e outros documentos a través do Rexistro electrónico dará lugar aos asentos correspondentes.

2. O sistema de información do Rexistro electrónico do Pleno garantirá a constancia e contido de cada asunto practicado identificando a documentación presentada que asociárase o número de anotación no Rexistro.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 33 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. A presentación de calquera iniciativa ou documento por parte dos membros da Corporación, polos grupos políticos municipais ou por os seus voceiros realizarase electronicamente a través do Rexistro Electrónico do Pleno.

Artigo 94. Recibos acreditativos da presentación.

1. O Rexistro electrónico do Pleno emitirá recibo acreditativo da presentación da iniciativa ou documento de que se trate co contido previsto no artgo 30.3 do Real Decreto 1671/2009, ou norma que o substitúa; o recibo garantirá a autenticidade, integridade e non rexeitamento do escrito presentado, así como dos documentos adxuntos, proporcionando os elementos probatorios plenos do feito da presentación.

2. O usuario será advertido de que a non obtención do recibo acreditativo da presentación da iniciativa ou documento, ou, no seu su caso, a visualización dunha mensaxe de indicación de erro, implicará que non se ten producido a recepción, debendo realizarse nova presentación noutro momento ou por outros medios.

3. A mera constatación da existencia de código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, en calquera documento electrónico adxunto a un formulario será causa suficiente para o rexeitamento da presentación. Nestes casos, deixarse constancia motivada do problema detectado e informarase ao presentador da causa do rexeitamento.

Artigo 95. Seguridade do Rexistro electrónico do Pleno.

O Servizo de Informática do Concello de Vigo será o responsable da seguridade do Rexistro electrónico do Pleno, a estes efectos procurará:

a) A dispoñibilidade e seguridade do Rexistro e a aplicación de medios tecnolóxicos para garantir os requisitos de autenticidade, seguridade, conservación e normalización.

b) O cumprimento dos estándares de formato e requisitos de seguridade que se determinen conforme o Esquema Nac. de Seguridade no ámbito das Administracións.

c) O desenvolvemento das funcións informáticas que, con carácter xeral, sexan necesarias para a xestión ordinaria do Rexistro.

3. (23). APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO DO 2021 DA ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. EXPTE. 2689/500. (REXISTRO PLENO 2804/1101)

ANTECEDENTES: En data de 12.02.21, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos, emiten o seguinte informe proposta,

1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRRL).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 34 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEASF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva marco da Auga)
- Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
- Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 136/2012 de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos depuración de augas residuais.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 30 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO. Aprobar inicialmente, consecuencia da súa adaptación ao preceptuado na Lei 9/2019, de 11 de decembro, o proxecto de modificación parcial da Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.2020.

SEGUNDO. Someter a información pública e audiencia dos interesados a modificación inicialmente aprobada por un prazo de trinta días mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia para a presentación das reclamacións e suxestións que se estimen oportunas; de non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de pronunciamento expreso do Pleno.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

TERCEIRO. Remitir á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia o presente acordo en unión do expediente tramitado a efectos do sinalado no artigo 20.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 16. Catro do Real Decreto-Lei 7/1996, de 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica”.

Segundo.- Dito acordo foi publicado no BOP nº 191 do 2 de outubro do 2020 e na sede electrónica do Concello de Vigo. Tamén foron publicados dous anuncios en dous periódicos o 6 de outubro do 2020, estando en exposición pública no período comprendido entre 07-10-2020 e o 18-11-2020.

Terceiro.- Consta no expediente certificado da Secretaria de Goberno Local de 25 de novembro de 2020, no que constan as seguintes reclamacións/suxestións presentadas durante o prazo de exposición pública:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 35 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- X.C.P. (nº de documento 200206501)
- A.B.M.P. (nº de documento 200206593)
- A.R.B. (nº de documento 200206758)
- B.G.S. (nº de documento 200213217)
- X.S.B. (nº de documento 200222733)
- J.G.G. (nº de documento 200233028)
- M.C.O. (nº de documento 200235482)
- M.E.H.P (nº de documento 200236351)
- Asociación Galega de Consumidores e Usuarios- ACOUGA (nº de documento 200242222)
- J.J.H.D. (nº de documento 200242408)
- Asociación de Comerciantes de As Travesas- AETRAVI (nº de documento 200244057)
- X.F.H (nº de documento 200244726)
- CP Sanmartin de Coia (nº de documento 200244878)

Cuarto.- Consta no expediente informe favorable adoptado o 28 de decembro de 2020 pola Comisión de Prezos de Galicia.

Quinto.- Consta no expediente informe de fiscalización de 08.02.21

Sexto.- Consta no expediente toma de coñecemento do informe proposta de data 29.01.21 pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 11.02.21

3. ANÁLISE DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS.

I.- As reclamacións formuladas en documentos nº 200206501, 200206593, 200206758, 200213217, 200222733, 200233028, 20035482, 200236351 e 200246726 conteñen a seguinte argumentación:

“A modificación aprobada non supón unha efectiva aplicación da tarificación por consumo, xa que malia eliminar o consumo mínimo incluído no término fixo de 30 metros cúbicos bimestrais, na súa aplicación práctica supón unicamente unha modificación dos conceptos tarifarios, imputando ás cotas fixas o groso do importe da tarifa anterior.

Ademais non suporá unha redución real nin relevante dos custes do servizo que asumen tanto os usuarios domésticos como os non domésticos, e está deseñada sen valorar a posibilidade da remunicipalización do servizo para o colocar baixo xestión pública.

En consecuencia, esta modificación non atende a histórica e maioritaria reivindicación da cidadanía de Vigo que reclamamos desde hai moitos anos unha nova tarifa que se aplique, de verdade, sobre o consumo real, que abarate os custos e que aposte por un consumo racional e sustentábel.

Polo que, demando a retirada desta modificación e insto ó Goberno municipal a impulsar a elaboración dun novo modelo integral da xestión (que inclúa a súa remunicipalización) e un novo sistema tarifario para o servizo de abastecemento, saneamento e depuración da auga na cidade de Vigo, que conte coa participación do tecido asociativo (movemento veciñal, organizacións sindicais e de consumidores/as) e do conxunto das forzas políticas presentes na Corporación municipal”.

--- En relación ao exposto nos tres primeiros parágrafos , hai que ter en conta as condicións do termo municipal de Vigo, que conta con máis de 100 km² de extensión cunha orografía variable e unha dispersión de poboación que implica que o 28% dos seus habitantes residen en edificacións unifamiliares ou con entornos territoriais baleiros. Estas condicións determinan a existencia dunha lonxitude extraordinaria de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 36 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

redes de abastecemento e saneamento así como doutras instalacións para salvar desniveis cuxo custo debe repartirse entre toda a cidadanía.

Compre reiterar o exposto no informe proposta de data 19-08-2020 respecto a que “os importes fixos que os usuarios veñen pagando por poder consumir un número variable de m³ -ata o máximo de 30 ao bimestre - están destinados nunha contía moi elevada, a sufragar, entre todos os abonados, os custes fixos do servizo

O establecemento dunha tarifa alternativa, sen consumo mínimo exento, progresiva segundo tramos de consumo de auga, recuperando idéntica cantidade de ingresos que en 2019, sen dúbida, deberá resultar máis favorable que a vixente para os usuarios con pequeno consumo e máis desfavorable para usuarios con consumos elevados. Só así se acada o principio de “uso eficiente da auga” e aforro do recurso “consumo responsable”.

“estamos diante de servizos con altísimas cifras de custes fixos de mantemento, operación e investimento en instalacións. Dito noutros términos, no prezo do m³ de auga consumida, evacuada e depurada deben estar incluídos os custes fixos. Ata tal punto resulta imprescindible o financiamento dos custes fixos que, a mera disponibilidad do servizo debe implicar o abono de cotas fixas de servizo ou aboamento por abastecemento, alcantarillado e depuración, de forma similar ao que sucede nas facturas doutros servizos como electricidade e gas.

Resulta oportuno mencionar, neste punto, a consideración segunda das realizadas no trámite de consulta pública pola Asociación de Consumidores y Usuarios del Agua (ACUA) na que se solicita que a “revisión da ordenanza 60 atenda ao principio de recuperación de custes, mesmo a incluír no estudio económico correspondente as previsión de investimentos” As dúas cuestións aparecen amplamente documentadas e calculadas no presente expediente.

- *As Cotas fixas de aboamento ou cotas fixas de servizo quedan fixadas na Tarifa I do Artigo 5 diferenciadas para cada un dos tres servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración e, en cada servizo, diferenciadas para abonados domésticos e non domésticos.*

Para unha mellor comprensión do alcance dos custes fixos que deben ser financiados entre todos os abonados - consuman ou non -, especifícase no propio articulado da ordenanza que:

--A cota fixa de abastecemento “corresponde aos custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns -, adución - Canais de Eiras O Casal, Zamans-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado.”

A Cota fixa de alcantarillado “corresponde aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría, de Oia e Saians e de Teis, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino”.

--A cota fixa de depuración “corresponde aos custes fixos derivados de operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis.”

- *A continuación establécense como Tarifas II, III e IV as cotas variables ou por consumo para os tres servizos considerados, tamén diferenciando consumo doméstico e non doméstico. Como xa se apuntou anteriormente e, tamén figura na aportación terceira de ACUA, unha tarifa baixo o principio de equidade debe ter en conta o número de*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 37 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

persoas que consumen estes servizos no momento de aplicarlle a unha determinada vivenda un tramo de consumo ou outro. De aí que os tramos das tarifas variables de aplicación a consumos domésticos teñan prezos unitarios para consumos por persoa ao bimestre. O primeiro tramo de $6\text{m}^3/\text{persoa/bimestre}$ terá unha tarifa moi reducida : 7 céntimos/m^3 para abastecemento, 5 céntimos/m^3 para alcantarillado e $5,24\text{ céntimos/m}^3$ para depuración.

Un segundo tramo de máis de 6 ata 10 m^3 por persoa e bimestre tamén con prezos baixos. A continuación, dous tramos máis con prezos superiores onde se fai efectivo o incentivo aforrador do recurso”.

Esta nova estrutura, establece para consumos domésticos ou de familias, os tramos de consumo por persoa fronte á anterior que atendía a tramos de consumo por vivenda. Este cambio vai destinado ao cumprimento do principio de equidade ao permitir aplicar un prezo moi baixo aos primeiros 6m^3 por persoa e bimestre, un prezo baixo aos seguintes 4m^3 por persoa e bimestre e prezos superiores nos consumos máis altos ou excesivos”.

A nova tarifa toma en consideración o documento da Organización Mundial da Saúde, dispoñible en https://www.who.int/water_sanitation_health/diseases/wsh0302/es/, que determina que no suposto de “auga abastecida de forma continuada a través de varias billas, o que constitúe un acceso óptimo ao recurso, unha cantidade promedio de 100 litros/persoa/día permite atender todas as necesidades de consumo e hixiene sen risco para a saúde”. Con esta premisa establecimos o primeiro tramo de ata $6\text{ m}^3/\text{persoa/bimestre}=6000\text{ litros/persoa}/60\text{ días}=100\text{ litros/persoa/día}$. Como explicamos anteriormente, neste primeiro tramo as tarifas son moi baixas (7 céntimos/m^3 para abastecemento, 5 céntimos/m^3 para alcantarillado e $5,24\text{ céntimos/m}^3$ para depuración) e aplícanse ata 18 m^3 vivenda/bimestre, considerando de forma xeral que hai tres ocupantes en cada vivenda.

Coa tarifa vixente, na cifra fixa de $35,79\text{ €}$ veñen estando incluídos o financiamento dos custes fixos do servizo. Esta afirmación coincide cunha das conclusións do Informe elaborado pola Universidade de Vigo respecto da Tarificación da Auga neste concello (ano 2014): “O consumo mínimo exento resulta un concepto equívoco que fai pensar que se paga por un nivel de servizo maior do que se utiliza, cando realmente o que se está pagando é o financiamento dos custes totais da prestación do Servizo, que en boa medida son custes fixos”.

En definitiva, nas facturas vixentes inclúense, aínda que de forma non explícita, os custes fixos ademais dos variables correspondentes a un consumo de ata 30m^3 . Na próxima estrutura de tarifa aprobada inicialmente en sesión plenaria de 30 de setembro de 2020 faránse visibles os custos fixos a través das cotas fixas e responderán ao consumo as cotas variables :

- Cota fixa de abastecemento.
- Cota fixa de alcantarillado.
- Cota fixa de depuración
- Cota por m^3 de consumo de abastecemento.
- Cota por m^3 de auga evacuada (alcantarillado).
- Cota por m^3 de auga depurada.

Se os usuarios no exercicio 2019 pagaron $39.940.000$ euros, no exercicio 2021 pagarán, no seu conxunto, a mesma cifra. A diferenza estará na contribución que realizarán os diferentes grupos de usuarios segundo o tramo de consumo no que estean situados.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 38 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Expoñemos, a continuación, una serie de resultados comparando os recibos vixentes cos que se derivarán da tarifa proposta a partir do bimestre xullo-agosto de 2021 (disposición final da ordenanza)

factura bimestral vixente con 18m³: 35,79 euros
 factura bimestral proposta con 18m³:35,83 euros

Para todos os consumos inferiores, os futuros recibos resultantes serán de menor contía que os vixentes:

factura bimestral vixente con 17m³: 35,79 euros
 factura bimestral proposta con 17m³:35,65 euros

factura bimestral vixente con 13m³: 35,79 euros
 factura bimestral proposta con 13m³:34,89 euros

factura bimestral vixente con 12m³: 35,79 euros
 factura bimestral proposta con 12m³:34,69 euros

(*) vivenda con 6 ocupantes factura bimestral vixente con 36m³:42,72 euros
 vivenda con 6 ocupantes factura bimestral proposta con 36m³:36,97 euros

(* No caso de que nunha vivenda haxa máis de 3 persoas, o primeiro tramo estenderase 6 m³ por cada persoa que supere o número de 3 podendo consumir aos prezos mínimos nas vivendas con 4 ocupantes 24 m³, con cinco ocupantes 30 m³, con 6 ocupantes 36 m³ e así sucesivamente.

Asimesmo, para evitar saltos respecto dos recibos actuais, en familias extensas establececese na disposición transitoria un máximo de 36,97euros na factura bimestral se non se supera a ratio de 6m³/persoa/ bimestre.

Poñendo en relación os consumos promedio de 81.000 vivendas -de ata 3 ocupantes- no exercicio 2019 resultará que un 49,48% das mesmas pagará menos coa nova tarifa. Se engadimos a estas o colectivo de vivendas con 4 ou mais ocupantes nas que se aplicará extensión de tramo, a porcentaxe de vivendas que pagará igual ou menos, acada o 69,22%. Non pode ocultarse que se a estrutura tarifaria beneficia a consumos de ata 6m³/persoa/ bimestre, perxudicará a consumos destinados a rego de xardíns, lavado de vehículos, piscinas e outros porque, nos tramos superiores de consumo, as facturas resultarán superiores ás vixentes.

Se o consumo non supera os 18m³/vivenda/bimestre, non pagarán máis. Se está por debaixo, terán un aforro respecto da tarifa vixente (neste suposto está aproximadamente o 50% das vivendas).

Se o consumo está por enriba dos 18m³/vivenda/bimestre sendo 3 ocupantes na mesma, terán pequenos incrementos ata a cifra de 30m³/vivenda/bimestre agás que se trate de familias con máis de 3 membros que terán extensión de tramo e importe máximo do recibo en 36,97 € segundo a disposición transitoria.

Se os consumos caen dentro do terceiro tramo de máis de 10 ata 20 m³/persoa/bimestre (que corresponde a cifras superiores a 166 litros/persoa/día) os recibos serán claramente superiores aos actuais. Corresponderían estes consumos a rego, lavado de vehículos, piscinas e outros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2021 10:01	Páxina 39 de 79
Expediente 2870/1101	CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

--- Respecto da “ participación “ na tramitación deste texto normativo a que se alude no último parágrafo da alegación compre manifestar que este foi tramitado seguindo o procedemento legal e regulamentariamente establecido. Atendendo ao disposto na Lei 39/2015 o mesmo foi sometido a consulta previa establecida no seu artigo 133. En cumprimento do artigo 49 da LRBRL someteuse a exposición pública o acordo plenario de aprobación inicial durante o prazo de 30 días hábiles e restantes trámites esixidos no TRLRFL (artigo 20.6).

II.- A alegación formulada en documento nº200242222 en representación da Asociación Galega de Consumidores e Usuarios (ACOUGA) solicita a retirada do expediente da ordenanza en atención aos seguintes argumentos :

“A proposta municipal non tarifica por consumo, imputando na súa aplicación práctica ás cotas fixas o groso do importe da tarifa até de agora vixente. Velaí o incremento de máis do 270% nas cotas de aboamento para uso doméstico e de máis do 530% nos usuarios non domésticos.

Por outra banda, a parte variábel que habería de se axustar ao consumo doméstico non vai xerar modificacións no favor dos consumidores. Como di o Interventor Municipal no seu informe, non haberá nin diminución nin incremento substancial na recadación e si un sistema tarifario totalmente alleo ao uso do consumo como parámetro para determinar o custo, o que desincentiva de vez o uso racional e sostíbel da auga como recurso limitado, vulnerando a letra e o espírito do Dereito Europeo (Directiva Europea da Auga) como do Dereito Galego (Plan hidrolóxico Galicia-Costa).”

---- Como primeira cuestión procede aclarar que o Informe da Intervención Xeral de data 20-08-2020 confirma a partir da documentación do expediente que a presente modificación non suporá incremento ou minoración no importe recadado pola prestación coa tarifa vixente, sendo o resto da frase “ sistema tarifario totalmente alleo ao uso do consumo como parámetro para determinar o custo ...” un pronunciamento da alegante.

Transcribimos literalmente do Informe da Intervención Xeral :

“ Consta nos informes incorporados pola Dirección de ingresos no expediente que o establecemento dunha tarifa alternativa, sen consumo mínimo exento, progresiva segundo tramos de consumo de auga, suporá a recuperación de idéntica cantidade de ingresos ou recuperación de custes que no ano 2019, se ben, en boa lóxica deberá resultar máis favorable que a vixente para os usuarios con pequeno consumo e máis desfavorable para usuarios con consumos elevados, contribuíndo deste xeito a cumprir os requisitos de “uso eficiente da auga”, “consumo responsable” e “equidade”.

Tendo en conta que o importe total dos ingresos realizados no exercicio 2019 (fonte: Dirección de ingresos), ascendeu a 39.942.309,22 euros, en principio, a modificación non suporá a priori un incremento ou minoración, cando menos significativos, no importe recadado pola prestación.”

Transcribimos tamén literalmente o apartado Conclusións do mesmo informe:

“En consecuencia, na medida na que a través do presente expediente trátase de adaptar as tarifas da Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais ao preceptuado na Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece no seu artigo 12 a necesidade de eliminar das tarifas de abastecemento de auga “mínimos exentos que desincentiven o “consumo responsable da auga”, esta



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 40 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Intervención entende que procede continuar coa tramitación do expediente 2689-500, informando favorablemente a proposta contida no mesmo”.

--- Respecto das consideracións formuladas ao redor das contías das cotas fixas e variables sirve como resposta o expresado respecto das reclamacións/ suxestións do primeiro grupo I cuxo contido será reproducido na notificación.

III.- A queixa formulada en documento nº200242408 expresa o seguinte :

“Esta comunicación é para expresar o meu desacordo coa nova modificación da ordenanza verbo da regulación relativa á subministración de auga potable, alcantarillado-rede de sumidoiros,saneamento e depuración de augas residuais,aprobada polo pleno do Concello de Vigo .Non é aceptable trasladar ás cotas fixas o que denantes se atribuía ao consumo mínimo de 30m³ bimestrais. Esta operación non suporá unha diminución significativa dos custes do servizo ,e de por parte manifesto o meu interese en que se considere a necesidade de remunicipalizar o servizo e depuración de auga en Vigo”.

A desconformidade manifestada en torno ao importe das cotas fixas coincide con parte da argumentación das alegacións do grupo I, tamén a súa resposta, cuxo contido será reproducido na notificación.

IV.- En documento nº 200244057 a Asociación de Comerciantes de As Travesas (AETRAVI) formula cinco alegacións acompañadas dun informe pericial titulado “informe de alegaciones a modificación de tarifas municipales-abastecimiento y saneamiento municipal” ao que nos referiremos neste informe-proposta como “informe de alegacións” e unha serie de anexos con simulacións do impacto das tarifas nalgúns sectores de actividade económica.

Primeira alegación:

Afirmase que a tarifa proposta non atende aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade e transparencia e tampouco ao principio de recuperación de custes .

Fronte ao anterior debemos opoñer que a modificación aprobada inicialmente establece unha nova estrutura tarifaria na que se suprime o consumo mínimo exento, e se establece unha tarificación progresiva por tramos en función do consumo real desde o primeiro m³ consumido, de forma que se incentiva o consumo responsable de auga.

O deseño da tarifa atende á estrutura de custes do servizo. No “ciclo da auga” ten un peso moi superior o custe fixo (operación, mantemento e investimento en instalacións) ao custe variable (enerxía e tratamento no abastecemento e alcantarillado). No proceso de depuración, os custos fixos oscilan entre un 40% e un 60% do total; no caso dos procesos produtivos de abastecemento e alcantarillado os custos fixos superan o 80% dos custos totais.

Sirva de aproximación a isto a seguinte relación de tarefas fixas que se realizan na actualidade nestes dous servizos, extraída de informes da Area de Fomento do Concello:

Abastecemento: tarefas de explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, revisión dos elementos da adución principal Eiras-O Casal, tarefas de operación da presa de Zamáns (auscultación, inspeccións de seguridade, operacións de explotación en situación ordinaria e vencelladas a situacións de emerxencia, tarefas de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 41 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

conservación e mantemento), tarefas de explotación en abastecemento (ETAPS do Casal e Valadares), tarefas de explotación en depósitos de abastecemento, estacións de bombeo de auga potable e rede de distribución de abastecemento, control da rede, mantemento preventivo e correctivo de tuberías.

Saneamento (Alcantarillado): operacións de bombeo de augas residuais en 30 estacións, tarefas de revisións periódicas en 29 tanques de tormenta, tarefas de mantemento correctivo da rede de alcantarillado así como mantemento preventivo e limpeza.

En definitiva, nas facturas vixentes inclúense, aínda que non explícitos, os custos fixos ademais dos variables correspondentes a un consumo de ata 30m³. Na próxima estrutura de tarifa fanse visibles os custos fixos a través das cotas fixas e responden ao consumo as cotas variables:

- Cota fixa de abastecemento.
- Cota fixa de alcantarillado.
- Cota fixa de depuración.
- Cota por m³ de consumo de abastecemento.
- Cota por m³ de auga evacuada (alcantarillado).
- Cota por m³ de auga depurada.

Se os usuarios no exercicio 2019 pagaron 39.940.000 euros, no exercicio 2021 pagarán, no seu conxunto, a mesma cifra. A diferenza estará na contribución que realizarán os diferentes grupos de usuarios segundo o tramo de consumo no que estean situados.

Fronte á crítica de que a nova estrutura non atende aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custos, procede engadir o seguinte:

- 1º) Se por equidade máxima entendemos un reparto liñal do custe do servizo, a tarifa vixente é a máis equitativa posible, pero non atende aos principios de uso eficiente da auga e consumo responsable.
- 2º) Para cumprir un certo grao de “consumo responsable” cumpría deseñar unha tarifa na que os que consumen máis deban pagar máis que proporcionalmente. De forma que nos tramos superiores de consumo o prezo anime ao aforro do recurso. É o caso da tarifa aprobada inicialmente.
- 3º) O principio de “recuperación de custos” cúmprese exactamente no mesmo grao coa tarifa vixente que coa tarifa proposta, non se recupera o 100% do custe, quedando a cargo do orzamento do concello unha parte.

Este principio de “recuperación de custos”, compre poñelo en relación co principio de “uso eficiente da auga”, eficiencia imposible se as instalacións, conducións e infraestruturas dos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración non están en bo estado.

Ven a colación neste punto (xestión sostible no medio prazo) un dos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) da axenda 2030 adoptada pola asemblea da ONU en setembro de 2015:

6- Garantir a dispoñibilidade e a “xestión sostible da auga e o saneamento para todos”.

Xa o tiña expresado anteriormente a Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello (Directiva Marco da Auga) que prescribe unha recuperación total de todos os custos, incluídos os medioambientais, a través das tarifas de auga.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 42 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4º) A estrutura tarifaria é transparente ao distinguir tres servizos diferenciados asignando para cada un deles sendas cotas fixas e outras tantas variables.

Considérase unha boa práctica económica que as cotas fixas e variables dos servizos reflectan a estrutura de custos fixos e variables. Coa tarifa proposta as cotas fixas dos servizos de abastecemento e alcantarillado acadan un 73% dos ingresos a as cotas variables un 27%. No caso da depuración as cotas fixas acadan un 47% dos ingresos e as variables un 53%. A tarifa reflicte aproximadamente a estrutura de custos fixos/variables dos servizos considerados.

5º) En relación ao principio de equidade, este está presente na propia estrutura da tarifa ao establecela esta en términos de consumo/persoa en lugar de consumo/vivenda. Tamén fixando prezos moi baixos para os primeiros 100 litros/persoa/día (18 m³/vivenda/bimestre ou con extensión de tramo se hai máis de tres persoas na vivenda). Tamén está aplicado o principio de equidade no artigo 10 da ordenanza que establece a novidade dunha cota reducida na contía do 50% das cotas fixas de servizo para persoas vulnerables economicamente (as que ata agora viñan resultando exentas de taxa de lixo vivenda). Por último, en aras do mesmo principio, establécese un prezo máximo na disposición transitoria aplicable a todas as vivendas nas que o consumo non exceda de 6m³/persoa/bimestre (100 litros/ persoa/día).

Segunda alegación:

Alégase que a estrutura da nova tarifa incumpre unha serie de orientacións da Comisión Europea relativas á correcta tarificación da auga (documento <https://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT+REPORT+A5-2001-0341+0+DOC+XML+V0//ES>, punto 26):

Contribución á recuperación dos custos vencellados aos servizos da auga proporcionalmente á utilización desta polos distintos sectores económicos (familias, agricultura, industria). Esta orientación obriga a obter a través dos recibos da auga o custo total (todos os custos imputables), e debe entenderse de modo conxunto con outra das orientacións contidas no mesmo documento: o sistema de tarificación debe ser progresivo y garantir un mínimo necesario para manter o nivel de calidade de vida que poida ser pagado por todos os consumidores. A progresividade implica necesariamente un maior importe para aqueles usuarios con un maior consumo de auga.

Búsqueda e aplicación de incentivos para un uso sostible da auga, tales como tarifas que reflicten os custos do suministro e os custos ambientais ocasionados pola extracción e o uso. Como se indica no apartado 4º da resposta á primeira alegación, as tarifas aprobadas reflicten de forma aproximada a estrutura de custos fixos e variables dos servizos considerados.

O sistema de tarificación debe ser progresivo, garantindo que canto maior sexa o consumo, maior será a contribución aos custos do " ciclo da auga". As cotas variables aprobadas son progresivas, tanto no caso de consumo doméstico, como non doméstico. Non existen tarifas diferenciadas en función do sector de actividade do usuario non doméstico, polos motivos que expoñeremos ao analizar a terceira alegación.

Necesidade de que o sistema sexa transparente para o consumidor/usuario. Remitímonos de novo ao apartado 4º da resposta á primeira alegación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 43 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O sistema debe gravar os consumos e prácticas despilfarradoras e pouco eficientes. O efecto da nova tarifa non debe interpretarse como unha penalización aos usuarios non domésticos que, en razón da súa actividade, deben realizar un uso intensivo do recurso. A nova tarifa aplicarase de modo uniforme a todos os establecementos, afectando de forma equitativa a todos por igual. A progresividade da tarifa sí terá como efecto que aqueles establecementos de tales sectores, se existen, nos que o proceso produtivo utiliza a auga de xeito pouco eficiente, terían una desventaxa comparativa fronte aos demais competidores que realizan unha xestión eficiente e que son a meirande parte. Deste modo, a nova tarifa gravaría as prácticas despilfarradoras e pouco eficientes no caso dos usuarios non domésticos.

Terceira alegación:

Alégase o incumprimento dos principios de igualdade, non discriminación, proporcionalidade, homoxeneidade e benestar social, en relación a dúas características da nova tarifa:

1º) Que exista unha tarifa distinta para usuarios domésticos e non domésticos.

2º) Que non prevea unha tarifa diferenciada para os pequenos comerciantes para cuxa actividade a auga constitúa unha materia prima ou un aprovisionamento fundamental. Xustificaremos estas dúas características da tarifa aprobada .

-- Xustificación da existencia de tarifas domésticas e non domésticas.

A Directiva Marco da Auga, no seu artigo 9, establece que os sistemas tarifarios deberán garantir *“unha contribución axeitada dos diversos usos da auga, desglosados, polo menos, en industria, fogares e agricultura”*.

A existencia dunha tarifa doméstica non é unha novidade introducida pola modificación aprobada inicialmente o pasado 30 de setembro. Ademais é unha práctica xeneralizada nas últimas décadas en todas as tarifas vixentes en todo o ámbito estatal. O documento da Comisión europea <https://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT+REPORT+A5-2001-0341+0+DOC+XML+V0//ES>, establece que *“o sistema de tarificación debe ser progresivo, garantindo que canto maior sexa o consumo, maior será a contribución aos custos do ciclo da auga e garantindo, asimesmo, un mínimo esencial gratuíto ou a baixo prezo para uso doméstico”*.

De acordo con esta orientación, a nova tarifa prevé un prezo inferior para usuarios domésticos, en comparación cos usuarios non domésticos. Existe unha razón para esta diferenza, sen que poida considerarse discriminación ou non homoxeneidade:

- O consumo doméstico ten un carácter finalista, destinándose a atender todas as necesidades de consumo humano, alimentación e hixiene, ademais doutros usos que non constitúen necesidades estrictamente básicas, correspondentes a utilidades de carácter persoal e familiar do usuario. A nova tarifa toma en consideración o documento da Organización Mundial da Saúde, dispoñible en https://www.who.int/water_sanitation_health/diseases/wsh0302/es/, que determina que no suposto de “auga abastecida de forma continuada a través de varias billas, o que constitúe un acceso óptimo ao recurso, unha cantidade promedio de 100 litros/persoa/día permite atender todas as necesidades de consumo e hixiene sen risco para a saúde”. Con esta premisa establecimos o primeiro tramo de ata 6 m³/persoa/bimestre=6000 litros/persoa/60 días=100 litros/persoa/día. Como explicamos anteriormente, neste primeiro tramo as tarifas son moi baixas e aplícanse ata 18 m³ vivienda/bimestre, considerando de forma xeral que hai tres ocupantes en cada vivenda. Aos tramos seguintes, que corresponden probablemente a consumos motivados por necesidades extraordinarias en materia de hixiene ou limpeza, pola utilización de baño en lugar de ducha, instalacións sanitarias non eficientes, usos non



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 44 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

eficientes de lavadoras, lavavaixelas, lavado de vehículos ou rego de xardíns, teñen contías suficientemente altas como para inducir comportamentos de aforro do recurso.

- O consumo non doméstico orixínase no desenvolvemento de actividades económicas, polo que resulta un medio para la produción de bens ou prestación de servizos a través dos que os titulares das actividades económicas obteñen os seus ingresos dos particulares.

-- Xustificación da non existencia dunha tarifa diferenciada para pequenas actividades económicas nas que a auga constitúe unha materia prima ou un aprovisionamento fundamental

O consumo non doméstico pode clasificarse como un uso xeral da auga (por exemplo, destinado aos aseos e á limpeza no caso de locais comerciais), ou ben, como factor de produción (sexa como materia prima ou como subministro auxiliar de especial relevancia).

A tarifa aprobada implicará unha redución do recibo para os usuarios non domésticos do primeiro tipo. O 10º anexo ao “informe de alegacións” relativo a comercio así o reflecte. Estimamos que unha gran parte dos usuarios non domésticos (uns 8.000) veránse beneficiados como resultado da aplicación da nova tarifa, incluíndose neste grupo a inmensa maioría de establecementos de comercio minorista, así como servizos sen uso intensivo de auga (xestorías, autoescolas, axencias de viaxes, oficinas en xeral...).

Os consumidores non domésticos que utilizan a auga como factor de produción ou como aprovisionamento fundamental, debido á natureza do seu proceso produtivo, presentan unha problemática distinta. Como se pon de manifesto no “informe de alegacións e nos seus anexos”, os seus recibos experimentarán un incremento relevante se non reducen o consumo de auga. Este efecto da nova tarifa, ou máis ben, o seu carácter discriminatorio ou contrario ao principio de equidade, constitúe o argumento central desta terceira alegación así como da cuarta.

A característica común dos usuarios non domésticos aos que se refire o “informe de alegacións” é que o subministro de auga representa un custo directo e variable da produción de bens e servizos. E dicir, o consumo efectivo varía en proporción aos bens ou servizos producidos.

A aplicación da tarifa aprobada inicialmente polo Pleno, ten en conta dous aspectos:

- A auga é unha materia prima cun coste económico. A súa xestión eficiente no proceso de produción de bens e servizos debe ser un obxectivo de todos os usuarios non domésticos.
- A auga é, ademais, un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal, segundo establece a Directiva Marco da Auga na súa Consideración primeira. Por este motivo a tarifa proposta ten un carácter progresivo, a diferenza doutras materias primas comerciais.

Os principios establecidos na Directiva Marco da Auga obrigan a que *“as políticas de prezos da auga proporcionen incentivos axeitados para que os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos hídricos e, por tanto, contribúan aos obxectivos medioambientais”*. Do mesmo modo que o Concello, en tanto que administración pública titular do servizo do ciclo integral da auga, veuse na obriga de adecuar as tarifas a estes principios, os particulares, e especialmente os establecementos de sectores cun uso intensivo da auga, deberán axustar a súa análise da estrutura de custos variables, marxe bruta e ingresos, na parte en que resulten afectados pola nova tarifa. Estes sectores deben considerar a auga coma un custo variable relevante na estrutura de custos do establecemento, non como un custo fixo mensual similar ao aluguer do local.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 45 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O impacto nestes sectores da aplicación da nova tarifa presenta dúas dimensións fundamentais:

Primeiro: A tarifa aplícase a todos usuarios non domésticos por igual. O impacto é uniforme e non discriminatorio para todos os usuarios dentro de cada sector.

O principio de xeneralidade das normas fai preciso seguir esta orientación, posto que o tratamento singularizado pode xerar desigualdades de tratamento ou inequidades entre os distintos usuarios sen que exista unha sólida base para a súa existencia.

Segundo: O impacto nos recibos dos sectores máis intensivos en auga é limitado e non é previsible que afecte á demanda dos correspondentes produtos e servizos.

En relación con este segundo punto, tense realizado unha estimación do impacto típico do custo da auga na estrutura de custos das actividades analizadas no “informe de alegacións e nos seus anexos”, tomando os datos reais de consumo para 2019 e as contas anuais do mesmo exercicio determinando unha mostra de actividades para as que hai información dispoñible na base de datos Ardán. Os valores dos recibos da auga considerados nestas análises inclúen o IVE (polo que as porcentaxes de impacto serán menores se o IVE resulta deducible para o empresario), e exclúen o canon da auga, que por tratarse dun tributo autonómico, non é unha componente das tarifas aprobadas.

Lavanderías:

Entre os sectores considerados no “informe de alegacións” este ten un consumo intensivo de auga polo que a nova tarifa terá incidencia nun maior custo daquela. O dato de consumo considerado no 9º anexo ao “informe de alegacións” de 290m³/bimestre é demasiado elevado, sendo moi superior á media de consumos en 2019 das 63 lavanderías analizadas (aquelas con datos para todo o ano e consumo total superior a 36 m³). Destas, menos da metade son lavanderías autoservizo. O establecemento de maior consumo ese ano acadou 242,33 m³/bimestre de media, cun pico máximo de 291m³ consumidos no bimestre xaneiro-febreiro de 2019. A media de consumo para os 63 locais foi de 90m³/bimestre.

Téñense analizado cinco dos establecementos con maior consumo de auga en 2019, e un sexto cun consumo cercano á media. Tres deles corresponden a unha mesma sociedade especializada en lavandería autoservizo, mentres que os outros tres establecementos son tinturerías-lavanderías:

- Para as lavanderías-tinturerías, o custo total da auga, que é a principal materia prima da actividade, conforme á nova tarifa, representa entre o 0,80% e o 4,66% dos gastos de explotación das empresas consideradas (un 2,66% de media). O impacto medio da subida é inferior ao 1%, exactamente o 0,67% dos ingresos netos.

- Para as lavanderías autoservizo consideradas, o custo da auga supón sobre os gastos de explotación un 9,84 %, e a subida do recibo implica un incremento do 2,81% dos gastos de explotación ou o equivalente ao 2,3% dos ingresos. A estrutura de custos que resulta do informe Ardán mostra uns custos variables por debaixo do 15% dos ingresos de explotación. A Revista Técnica para Tinturería e Lavandería (REVITEC) estima estes custos entre o 14% e o 20% para unha lavandería autoservizo. Se tomamos o dato máis extremo do 20%, resulta que a subida do custo da auga sería compensada cun incremento inferior ao 3% nos ingresos, que pode obterse mediante unha maior demanda do servizo. É razoable esperar que a nova tarifa doméstica incentive unha actitude xeral dos consumidores favorable ao aforro da auga, que poida



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 46 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

redundar nun maior interese por actividades que realicen un uso eficiente, como as lavanderías autoservizo.

Perruquerías:

O consumo medio bimestral de auga das perruquerías de Vigo é de 26 m³, tomándose en consideración 400 establecementos con datos completos para 2019 e consumo superior a 6 m³ bimestre. O peso do novo recibo da auga na estrutura de custos é similar para 7 das 8 empresas analizadas, independentemente do seu maior ou menor consumo, variando nun rango entre o 0,4% e o 0,85% dos gastos totais de explotación.

Preséntase un alto grao de correlación entre o consumo de auga, os ingresos e os gastos de explotación; dito doutro xeito, a maior actividade e ingresos, maior consumo de auga. Unha das sociedades presenta un dato chamativo, xa que a auga representa o 2,57% do gasto de explotación, unhas 4 veces máis que a media dos restantes establecementos do sector. A nova tarifa progresiva grava máis aos consumos excesivos, en comparación coa media do sector, beneficiando os consumos responsables.

O impacto da nova tarifa variará en función do consumo total:

Para a metade das perruquerías, de menor consumo, a nova tarifa non representará unha subida no recibo, ou ben, nalgúns casos, conlevará un incremento de ata o 0,05% sobre os ingresos.

Para as perruquerías de maior e máis intensivo consumo de auga, a nova tarifa presenta un incremento do custo de ata o 0,2% dos ingresos.

En ambos casos, o impacto no sector é moi reducido.

Cafeterías e bares:

O consumo medio de auga das cafeterías e bares foi en 2019 de 49 m³ por bimestre, similar ao suposto de bares incluído no anexo ao “informe de alegacións” (43 m³). Menos do 4% das cafeterías e bares do municipio alcanzan o consumo estimado no outro suposto (141 m³). Analizáronse os datos dispoñibles de consumo e económicos de 12 bares e establecementos de restauración, dous deles con consumos de 138 e 144 m³ por bimestre, e o resto de entre 29 e 78 m³ por bimestre. O peso proporcional do custo da auga e do impacto da nova tarifa é similar en todos eles, independentemente do tamaño e consumo de auga de cada un deles.

O custo da auga coa nova tarifa representa entre un 0,08% e un 1,23% dos gastos de explotación declarados, sendo a media un 0,53%.

A variación do recibo implica unha subida de custo de entre un 0,02% e un 0,28% dos ingresos totais, sendo a media un 0,13%.

Do mesmo xeito que no caso das perruquerías, o impacto no sector é moi reducido.

Panaderías con obradoiro

O consumo medio das panaderías con obradoiro en 2019 foi de 55 m³ por bimestre, similar ao suposto de consumo alto incluído no anexo ao “informe de alegacións” (54 m³). Analizáronse os datos de 8 panaderías con consumos de auga en 2019 de entre 25 m³ e 64 m³. Do mesmo xeito que no caso dos bares e as cafeterías, o peso proporcional do custo da auga e do impacto da nova tarifa é similar en todos os



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 47 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

establecementos, independentemente do tamaño e consumo de auga de cada un deles, existindo unha variabilidade aínda menor no presente sector das panaderías.

O custo da auga coa nova tarifa representa entre un 0,12% e un 0,53% dos gastos de explotación declarados, sendo a media un 0,37%.

A variación do recibo implica un incremento do custo de entre un 0,02% e un 0,12% dos ingresos totais, sendo a media un 0,08%.

De novo, o impacto relativo na estrutura de custos do sector é moi reducido.

Peixerías

Non dispoñemos de datos procedentes das contas anuais para ningunha peixería de Vigo. Dispoñemos dos datos de consumo de auga de 21 peixerías na cidade (xa que se exclúen todas aquelas que non teñen contador propio de auga, como é o caso das peixerías nos mercados de abastos). O consumo medio de auga para estes establecementos é de 22 m³, é dicir, menos da metade que a media de cafeterías e bares.

Se supoñemos uns ingresos brutos totais medios de 4.000 €/mes, o custo da auga coa nova tarifa representaría o 0,95% dos ingresos das peixerías. A nova tarifa conlevaría un incremento medio dun 0,11% dos ingresos brutos estimados.

O impacto na estrutura de custos do sector é moi reducido, dunha orde similar ao das panaderías, cafés e bares.

Mercados

O “informe de alegacións” presenta argumentos en relación cos mercados ou prazas de abastos. Estes establecementos contan cun só contador de auga para unha pluralidade de comerciantes, que realizan as súas vendas ou prestan os seus servizos no posto reservado para eles. Os mercados pagan unha soa cota fixa para o conxunto de comerciantes.

O exemplo que se nos proporciona no 7º anexo ao “informe de alegacións” (650 m³ por bimestre) é un caso real dun mercado que conta con 36 postos, polo que o importe total que correspondería a cada posto sería de 65,60 € por bimestre, inferior ao recibo medio que corresponde ás peixerías non establecidas en mercados (75,95 €). En todo caso, o impacto na estrutura de custos destes establecementos é moi reducido, similar ao considerado no punto anterior (peixerías).

En conclusión:

A repercusión estimada no prezo dos bens e servizos considerados resultaría mínima, non tendo impacto significativo nos sectores analizados.

Reiteramos ademais que os efectos derivados da aplicación da nova tarifa non teñen un carácter arbitrario, senón que se fundamentan no consumo efectivo do recurso e aplícanse de modo equitativo a todos os consumidores non domésticos. A tarifa aprobada resulta da aplicación do conxunto do artigo 9 da Directiva da Auga, a cuxo acomodo estamos obrigados non só os poderes públicos, senón tamén os consumidores ou usuarios deste recurso, ao que se refire do seguinte xeito o artigo 1 da citada Directiva “*A auga non é un ben comercial como os demais, senon un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal.*”

As tarifas pola prestación do servizo da auga aplicables nos 13 municipios -excluíndo a Vigo - de España con poboación igual ou superior a 275.000 habitantes non prevén



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 48 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

tarifas especiais ou bonificacións en función do sector da actividade industrial ou comercial de que se trate.

Cuarta alegación.

Faise referencia ao “informe de alegacións” no que se analiza o impacto económico da nova tarifa da auga sobre as lavanderías autoservizo, así como outros sectores (mercados, perruquerías, restaurantes, cafeterías e panaderías con obradoiro); realízase unha comparativa das tarifas da auga, entre a actual e a nova; reproúcese a normativa de aplicación e por último fórmulanse unha serie de conclusións.

En primeiro lugar, procederemos a analizar as afirmacións ou datos incluídos no devandito “informe de alegacións” para os que resulta necesario formular observacións ou respostas:

- *“Vigo é unha cidade cunha tarifa de auga e saneamento elevada en xeral, e particularmente se se compara con Madrid.” (2. Impacto sobre a actividade económica. páxina 2 do “informe de alegacións”)*

Como se mencionou anteriormente, a nova tarifa cumpre na mesma medida que a actual o “principio de recuperación de custo”, é dicir, non se recupera o 100% mediante a aplicación da mesma, quedando a cargo do orzamento do Concello unha parte. Se os usuarios no exercicio 2019 pagaron 39.940.000 euros, no exercicio de 2021 pagarán, no seu conxunto, a mesma cifra. A diferenza estará na contribución que realizarán os diferentes grupos de usuarios segundo o tramo de consumo no que estean situados.

As tarifas da auga dependen da estrutura de custos do servizo, e esta fundaméntase principalmente na cantidade de infraestruturas necesarias para a súa prestación e, consecuentemente, dos custes inherentes ao seu mantemento e renovación. Trátase de magnitudes que varían en gran medida dunha cidade a outra, en función de circunstancias particulares de cada localidade, que condicionan a tipoloxía das redes e instalacións de subministración, alcantarillado e depuración necesarias para a prestación do servizo.

Segundo un estudo da FACUA de 2017 (<https://www.ocu.org/alimentacion/agua/informe/el-precio-del-agua>) Vigo non figura entre as cidades con tarifa máis elevada de auga e saneamento, a pesar de que existen circunstancias particulares que presionan á alza os custos, moi particularmente a extraordinaria capilaridade das redes de abastecemento e alcantarillado, debido á elevada porcentaxe de vivendas unifamiliares e á dispersión da poboación do municipio, así como aos pronunciados desniveis que deben salvar as redes en amplas zonas da cidade, o que fai necesario gran cantidade de sistemas de bombeo.

A elevada lonxitude das redes é un elemento fundamental para esta análise. Vigo conta cunha rede de abastecemento de 1.019,58 km e cunha rede de alcantarillado de 1.117,69 km. A lonxitude de rede por vivenda é de 7,14 metros, no caso do abastecemento, e de 8,30 metros, no caso do alcantarillado. Estes datos son os oficiais declarados ao Ministerio de Facenda e publicados no Coste Efectivo de los Servicios de las Entidades Locales (CESEL).

No caso de Madrid, o servizo de abastecemento e saneamento de auga é prestado pola empresa pública Canal de Isabel II, S.A., participada integramente pola Comunidade de Madrid e por 111 concellos de Madrid, incluída a capital. O CESEL non proporciona datos sobre a lonxitude das redes de abastecemento e alcantarillado, nin sobre o número de vivendas servidas, para o concello de Madrid capital, polo que para esta análise empregaremos os datos que figuran na páxina 17 do Informe Anual de Sostenibilidade 2019 do Canal de Isabel II: 17.651 km de redes de abastecemento, que



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 49 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

serven a unha poboación de 6,45 millóns; e 14.441 km de redes de saneamento, que serven a unha poboación de 5,68 millóns.

O cálculo de metros de rede por persoa para os municipios servidos polo Canal de Isabel II, en comparación cos de Vigo (para o cal dividimos a lonxitude das redes entre a poboación de dereito de Vigo a 1 de xaneiro de 2020, 296.692 persoas), proporciona os seguintes datos:

Abastecemento (metros por persoa): Vigo 3,44 - Madrid 2,74
Alcantarillado (metros por persoa): Vigo 3,77 - Madrid 2,54

A lonxitude por habitante de redes de abastecemento e alcantarillado en Vigo supera substancialmente á de Madrid. A xestión da auga en Madrid benefíciase ademais das economías de escala derivadas de atender a unha poboación de 6 millóns de persoas concentradas nun territorio pequeno.

Se comparamos cunha cidade con dimensións máis próximas ás de Vigo, as diferencias de custe das infraestruturas agrávanse. Segundo os datos de CESEL para o concello de A Coruña, a lonxitude das redes de abastecemento e saneamento é de 566,46 km e 625,70 km, respectivamente, fronte a 1.019,58 km e 1.117,69 km de Vigo. A lonxitude por vivenda compárase do seguinte modo:

Abastecemento (metros por vivenda): Vigo 7,14 - A Coruña 3,71
Alcantarillado (metros por vivenda): Vigo 8,30 - A Coruña 4,16

A lonxitude das redes por vivenda en Vigo case dobra á de A Coruña.

A comparativa da lonxitude das redes por habitante, tendo en conta a poboación de dereito de A Coruña de 247.604 habitantes a 1 de xaneiro de 2020, arroxa os seguintes resultados:

Abastecemento (metros por persoa): Vigo 3,44 - A Coruña 2,29
Alcantarillado (metros por persoa): Vigo 3,77 - A Coruña 2,53

Debemos concluír que non resultan comparables as tarifas de dúas cidades se non se inclúen na comparación os custos da prestación do servizo tanto os de operación, como mantemento e renovación de infraestruturas. Habería que relacionar a tarifa coa dimensión do territorio e da poboación.

- *A tarifa penaliza aos empresarios , en particular a lavanderías autoservizo por considerar ao seu consumo como “derroche”. (2. Impacto sobre a actividade económica. páxina 2 do “informe de alegacións”)*

Remitímonos ao exposto no segundo punto da resposta á terceira alegación .

- *Impacto do covid sobre as lavanderías autoservizo. (2. Impacto sobre a actividade económica. Páxina 4 do “informe de alegacións”)*

A estrutura tarifaria foi deseñada cunha visión a longo prazo e non contempla axustes a curto prazo derivados de situacións conxunturais de crise. Neste contexto establécese unha disposición transitoria segunda no texto da ordenanza que reduce considerablemente a tarifa variable para usuarios non domésticos aprobada en sesión de 30.09.2020.

- *Comparativa de custos 2020-2021. (3. Impacto sobre a actividade económica. Páxinas 6 a 8 do “informe de alegacións”)*

Analízase o incremento dos custos fixos na nova tarifa. A comparativa realizada non é consistente, xa que coa tarifa vixente, na cifra fixa de 35,79 € está incluído o financiamento dos custos fixos do servizo. Esta afirmación coincide cunha das



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 | Páxina 50 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

conclusións do Informe elaborado pola Universidade de Vigo respecto da Tarificación da auga neste Concello (ano 2014): "O consumo mínimo exento resulta un concepto equívoco que fai pensar que se paga por un nivel de servizo maior do que se utiliza, cando realmente o que se está pagando é o financiamento dos custos totais da prestación do servizo, que en boa medida son custos fixos".

A nova tarifa modifica a estrutura dos cargos atendendo ao consumo efectivo de auga, pero non a estrutura de custos do servizo, que, como se indicou ao analizar a primeira alegación, no ciclo da auga o custo fixo é moi superior ao custo variable.

- *Comparativa cota de saneamento e depuración, para 100 m³ (consumo non doméstico)(3. Impacto sobre a actividade económica. Páxinas 7 e 8 do "informe de alegacións")*

Os cálculos realizados polo alegante son erróneos, xa que multiplican 100 pola tarifa aplicable para o centésimo m³ consumido, en lugar de aplicar as correspondentes a cada un dos tramos. Para 100 m³, o importe total correspondente a alcantarillado é de 58,13 €, e para depuración 71,19 €. O importe por ambos conceptos é de 129,32 €. Estes importes resultan de realizar as seguintes operacións:

Alcantarillado: $18 \text{ m}^3 \times 0,05 \text{ €/m}^3 + 12 \text{ m}^3 \times 0,3137 \text{ €/m}^3 + 30 \text{ m}^3 \times 0,6828 \text{ €/m}^3 + 40 \text{ m}^3 \times 0,8246 \text{ €/m}^3$.

Depuración: $18 \text{ m}^3 \times 0,0524 \text{ €/m}^3 + 12 \text{ m}^3 \times 0,5156 \text{ €/m}^3 + 30 \text{ m}^3 \times 0,8402 \text{ €/m}^3 + 40 \text{ m}^3 \times 0,9713 \text{ €/m}^3$

En consecuencia, para un recibo non doméstico de 100 m³, o consumidor pagará un total de 129,32 € por cotas variables de alcantarillado e depuración, un equivalente a $129,32 \text{ €} / 100 = 1,2932 \text{ €}$ por cada metro cúbico consumido, e non 1,80 € por m³ como se destacaba no informe de alegacións.

- *As normativas relacionadas no apartado anterior, fan referencia a consumos responsables, redución de consumos innecesarios, redución da contaminación e verquidos inxustificados ou incontrolados. Existen, por tanto, outras variables e considerandos que non se están aplicando nesta nova tarificación municipal, a efectos de poder ser revisada ou bonificados os importes, segundo a tipoloxía da actividade, a carga contaminante, ou a súa eficiencia probada. (5. Conclusións páxina 15 do "informe de alegacións" recollido na páxina 9 do escrito de alegacións).*

- *Afirmase, a continuación que "a tarifa proposta non cumpre co principio de equidade nin recuperación de custos, posto que penaliza a un empresario que reduce os consumos e verquidos, fronte a un particular que se ve bonificado ..." (páxina 9 do escrito de alegacións).*

Remitímonos ao apartado segundo da resposta á alegación terceira, no que se xustifica a existencia dunha tarifa doméstica separada, que protexa o uso para as necesidades humanas básicas de consumo, alimentación e hixiene/limpeza. No "informe de alegacións" non se ten en conta o impacto que a nova tarifa doméstica pode ter no comportamento ou na actitude xeral dos consumidores cara ao aforro da auga. É razoable esperar que, en conxunto, a nova tarifa redunde nun maior interese polas actividades que realizan un uso eficiente da auga.

- *A nova tarifa prevé tramos progresivos, polo que se penaliza ás empresas con maior columna de traballo. (5. Conclusións páxina 16 do "informe de alegacións").*

Esta crítica contradí á formulada na quinta alegación, na que se afirma que non se aplica suficientemente o criterio de progresividade por escalas, xa que os grandes consumidores entran dentro do mesmo grupo de cotas que pymes de consumos moderados. Ambas críticas son incompatibles. A amplitude dos tramos é similar á



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 51 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

aplicada na tarifa actual. O seu deseño atende ao cumprimento dos principios tarifarios aos que nos referimos ao analizar a primeira alegación.

A cuarta alegación parte das conclusións do “informe de alegacións” e propón a elaboración de módulos de consumo de auga aplicables a lavanderías, mercados, cafeterías, restaurantes e perruquerías, mediante os que se definirían uns “consumos potenciais” diferentes para cada un dos sectores, é dicir, establecer unha tarifa diferente para cada actividade. Resultaría moi discutible o nivel de consumo de auga imprescindible para cada actividade. O principio de xeneralidade da norma impide un tratamento diferenciado sector a sector.

Debemos neste punto reiterar argumentos que se foron expoñendo ao longo deste informe-proposta, que reafirman o cumprimento dos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable e equidade na tarifa aprobada inicialmente en sesión plenaria de 30 de setembro de 2020:

1. A nova tarifa non debe interpretarse como unha penalización aos consumidores non domésticos que, en razón da súa actividade, deben realizar un uso intensivo do recurso. A nova tarifa aplicarase de modo uniforme a todos os establecementos, polo que no interior de cada sector non causará unha ventaxa ou desvantaxa relativa, afectando de forma equitativa a todos por igual. A progresividade da tarifa si terá como efecto que aqueles establecementos de tales sectores, se existen, cuxo proceso produtivo utiliza a auga de modo pouco eficiente, presentarán unha desvantaxa comparativa fronte aos demais competidores que realizan unha xestión eficiente e que son a maioría, resultando estes últimos beneficiados.

2. O maior custo establecido para maiores consumos de auga fundaméntase no principio establecido na Directiva Marco da Auga segundo o que *“o sistema de tarificación debe ser progresivo, garantindo que canto maior sexa o consumo, maior será a contribución aos custos do ciclo da auga”*.

Quinta alegación.

Achega, como ilustración do impacto económico da nova tarifa, anexos ao “informe de alegacións” nos que se realiza a comparativa de custos entre a tarifa en vigor e a nova tarifa, para as actividades consideradas. Os cálculos realizados son correctos, coa mención, xa apuntada con motivo da resposta á terceira alegación, de que o consumo considerado de 290 m³ por bimestre para unha lavandería autoservizo é extremadamente elevado.

Reitérase a idea de que se penaliza ao empresario, xa respondida esta cuestión na terceira alegación. Reitérase a aplicación insuficiente do criterio de progresividade, cuestión contradictoria coa demanda formulada na cuarta alegación e cuxa resposta reiteramos no sentido de que a amplitude dos tramos coincide coa da tarifa vixente. Por último, conclúese botando en falta a aplicación de bonificacións nos casos en que a auga é necesaria para a actividade de que se trate, nos casos de eficiencia de uso ou de redución de consumos particulares aos que substitúe, cuestións todas elas tratadas con anterioridade.

V.- En documento nº 200244878, a Comunidade de Propietarios San Martín de Coia solicita “á vista da nova ordenanza da auga, e ao atoparse nun suposto non contemplado na devandita ordenanza (neste caso, comunidade de propietarios con contador único para 60 vivendas e auga quente) solicita que se aclare por parte do Concello a forma de cobranza no seu caso do devandito contador único.”

Neste suposto resulta de aplicación o artigo 5.I da ordenanza respecto das cotas fixas: unha cota fixa de servizo de subministración, alcantarillado e depuración por cada usuario. Non presente caso son 60 usuarios correspondendo 60 cotas fixas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 | Páxina 52 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Respecto das cotas variables ou de consumo, resulta de aplicación o disposto no artigo 5.H)1 :

1. Como norma xeral aplicarase a tarifa do primeiro tramo aos primeiros 18 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do segundo tramo aos seguintes 12 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do terceiro tramo aos seguintes 30 m³ de consumo ao bimestre, e a tarifa do último tramo ao consumo que exceda estas cantidades.

Aplicado ao caso concreto de 60 vivendas resultaría que os primeiros 1.080 m³ de cada recibo (60 vivendas x 18m³ /bimestre = 1.080 m³ / bimestre) facturaranse coa tarifa variable do primeiro tramo, os seguintes 720m³ (60vivendas x 12 m³/bimestre =720 m³/ bimestre) facturaranse coa tarifa variable do segundo tramo, os seguintes 1800 m³ (60 vivendas x 30m³ /bimestre = 1.800 m³/ bimestre) facturaranse coa tarifa variable do terceiro tramo e se o consumo excedera destas cifras, aplicaríase ao resto a tarifa variable do último tramo.

Como resultado da aplicación da nova tarifa, o recibo para este suposto baixará respecto da vixente sempre que o consumo bimensual sexa inferior a 1.070 m³/bimestre.

VI.- En documento nº200253350 preséntase con data 30-11-2020 alegación con idéntico contido que as do primeiro grupo I que constan neste informe-proposta. Procede a súa inadmisión por extemporaneidade, ao ter rematado o prazo de exposición pública o 18 de novembro de 2020.

A vista do anterior, propónse ao Excmo Concello Pleno a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido as funcionarias informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.2020, ditamina favorablemente a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN. Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Inadmitir por extemporaneidade a reclamación presentada en documento nº 200253350.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 53 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDO. Desestimar as demais reclamacións presentadas polos motivos expostos no informe-proposta que antecede, agás a alegación relativa ao impacto na demanda consecuencia da pandemia covid-19 nas actividades económicas (documento nº 200244047), que se estima en parte establecéndose de forma transitoria unhas tarifas variables reducidas para usuarios non domésticos que figuran nunha disposición transitoria segunda, no texto da ordenanza.

TERCEIRO. Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, alcantarillado-rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (60) nos mesmos termos que o texto aprobado en sesión plenaria de 30 de setembro 2020 agás o seguinte:

a) A *DISPOSICIÓN TRANSITORIA* pasará a ser *DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA*.

b) Engádesse unha *DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA* do seguinte tenor literal:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

A fin de atender á situación de diminución de demanda nas actividades económicas por motivo da pandemia covid 19 establécense ata que esta ordenanza resulte modificada, as tarifas variables seguintes para usuarios non domésticos:

COTA VARIABLE DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN / ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE PARA USO NON DOMÉSTICO.

De 0 a 18 m3	0,0700 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,0800 €/m3
Máis de 30 a 50 m3	0,7994 €/m3
Máis de 50 a 70 m3	0,8190 €/m3
Máis de 70 a 200 m3	1,1653 €/m3
Máis de 200 a 500 m3	1,2484 €/m3
Máis de 500 m3	1,4943 €/m3

COTA VARIABLE DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO E SUMIDOIROS PARA USO NON DOMÉSTICO .

De 0 a 18 m3	0,0500 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,0636 €/m3
Máis de 30 a 50 m3	0,5751 €/m3
Máis de 50 a 70 m3	0,5893 €/m3
Máis de 70 a 200 m3	0,6686 €/m3
Máis de 200 a 500 m3	0,7163 €/m3
Máis de 500 m3	0,8573 €/m3

COTA VARIABLE DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS PARA USO NON DOMÉSTICO .



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 54 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De 0 a 18 m3	0,0524 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,1045 €/m3
Máis de 30 a 50 m3	0,7077 €/m3
Máis de 50 a 70 m3	0,7251 €/m3
Máis de 70 a 200 m3	0,7710 €/m3
Máis de 200 a 500 m3	0,8259 €/m3
Máis de 500 m3	0,9886 €/m3

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Presidente. Ocupa a Presidencia a terceira tenente de alcalde Sra. Espinosa Mangana o atoparse ausente o segundo tenente de alcalde.

MOCIÓNS RESOLUTIVAS

4. (24). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO MINISTERIO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E A REDE ELÉCTRICA DE ESPAÑA A INCLUIR NO PERÍODO 2021-2026 A CONEXIÓN DE VIGO Á REDE DE TRANSPORTE DE 220 KV E Á CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA SUBESTACIÓN. (REXISTRO PLENO 2820/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de febreiro de 2021, número 2820/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

O Ministerio para a Transición Ecolóxica ignorou de xeito reiterado a petición da industria viguesa de conexión do polígono de Balaídos á rede de 220 kilovoltios que lle permitiría competir en igualdade de condicións que o resto das plantas de España e Portugal. Esa rede de moi alta tensión garantiría tamén unha subministración eléctrica competitiva, estable, fiable e sen perturbacións.

Trátase dun proxecto que debe autorizar o Ministerio de Transición Ecolóxica a través de Rede Eléctrica de España e que permitiría acometer a liña dende Atios a Balaídos e construír a subestación, pero para elo debe estar incluída na planificación enerxética.

O proxecto, cun investimento aproximado de 70 millóns de euros, estaba incluído na planificación vixente 2015 - 2020 de Rede Eléctrica de España para desenvolver novas infraestruturas da rede de transporte, contando co respaldo da Xunta de Galicia, que o propuxo para a nova planificación 2021-2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 55 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Porén, Rede Eléctrica Española eliminou esa actuación da nova proposta de planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o período 2021-2026.

Trátase, polo tanto, dunha decisión do Goberno socialista que volve ir en contra do desenvolvemento e o emprego industrial en Vigo, xa que a planta de Stellantis en Balaídos é actualmente a única gran fábrica española de coches sen subministro a mais de 220 KV e Vigo a única cidade española que carece dese subministro.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica e a Rede Eléctrica de España a incluír na planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o período 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de transporte de 220 kilovoltios e a construción dunha nova subestación en Balaídos para atender a demanda industrial da cidade facilitando unha subministración eléctrica moderna con capacidade de ofrecer estabilidade ao servizo, tal e como estaba previsto na planificación 2015-2020.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Incidencia: No momento da votación atópase ausente o Sr. Estevez Rodríguez.

VOTACIÓN. Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes ou presenciais telematicamente da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada, en data 19.02.2021 (Rex. Nº 2820/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, que retira a última frase do acordo, quedando do seguinte xeito:

“Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica e a Rede Eléctrica de España a incluír na planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o período 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de transporte de 220 kilovoltios e a construción dunha nova subestación en Balaídos para atender a demanda industrial da cidade facilitando unha subministración eléctrica moderna con capacidade de ofrecer estabilidade ao servizo.”

5. (25). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A CONCRETAR UN PLAN DE ACTUACIÓNS E DE INVESTIMENTOS NO PORTO DE VIGO DE POLO MENOS A MESMA CANTIDADE QUE REALIZOU O MINISTERIO DE FOMENTO. (REXISTRO PLENO 2822/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de febreiro de 2021, número 2822/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 56 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O Porto de Vigo é un elemento crave na economía da cidade de Vigo, da súa Área metropolitana e de Galicia.

Esa importancia debe ir acompañada de apoio económico por parte das Administracións das que depende. A dobre dependencia dos Portos de interese xeral, de Portos do Estado no Ministerio de Fomento e da respectiva Comunidade Autónoma, obrigan no caso do Porto de Vigo a que ambas as Administracións centren os seus esforzos investidores cando menos en condicións de igualdade.

Portos do Estado, desde que é Presidente do Goberno Pedro Sánchez está a cumprir sobradamente no apoio económico ao Porto de Vigo. Portos do Estado destinou ao Porto de Vigo a consignación de 13,3 millóns de euros para o desenvolvemento de investimentos. Nunca se contou cun apoio semellante. O propio Presidente do Porto de Vigo recoñecía o importante desta asignación, "porque xa os temos en caixa", afirmaba en comparecencia pública coa Presidenta de Portos do Estado.

Por parte da Xunta de Galicia, á que corresponde designar o Presidente do Porto de Vigo, non se produciu un apoio similar desde o goberno de Núñez Feijoo e non será porque o Porto de Vigo non necesita dese apoio, recoñecido polas sucesivas Presidencias nomeadas por Núñez Feijoo.

Esta semana, o Presidente da Xunta visitou o Porto de Vigo e era de esperar unha aposta forte e decidida no económico para mellorar a integración porto-cidade e abordar todas as necesidades do ente portuario e programas a desenvolver.

Todo quedou en fotos e en boas intencións, desas que finalmente nunca se concretan por Núñez Feijoo para a cidade de Vigo.

O goberno da Xunta debe comprometerse nun plan de investimentos e actuacións no Porto de Vigo cunha achega que cando menos sexa equivalente á xa realizada polo goberno central a través de Portos do Estado.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a concretar un plan de actuacións e de investimentos no Porto de Vigo de polo menos a mesma cantidade de 13,3 millóns de euros como xa realizou o Ministerio de Fomento do goberno de España.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN. Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 57 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Aprobar a Moción presentada, en data 19.02.2021 (Rex. Nº 2822/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6. (26). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A DESBLOQUEAR OS PROXECTOS PARALIZADOS POR PATRIMONIO E A DELEGAR NO CONCELLO DE VIGO AS COMPETENCIAS EN MATERIA DE PATRIMONIO. (REXISTRO PLENO 2823/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de febreiro de 2021, número 2823/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

Nos últimos anos vimos de padecer a paralización de importantes proxectos da cidade por parte da Xunta de Galicia. Leis para resolver limitacións urbanísticas en concellos con planeamento anulado que pode aplicar calquera menos o Concello de Vigo, informes da inspección de educación que veñen a confirmar as declaracións de cargos institucionais da Xunta para impedir prazas en escolas infantís no centro da cidade, informes de patrimonio que paralizan importantes obras de accesibilidade como as rampas da Gran Vía ou melloras na iluminación e eficiencia enerxética de A Guía,... a lista de agravios segue a medrar.

Recentemente a sentenza do Tribunal de Xustiza de Galicia confirmou o bloqueo e intento de paralización por parte da Xunta de Galicia do proxecto de mellora da accesibilidade e a mobilidade peonil na Gran Vía, dándolle a razón o Concello de Vigo. Fai uns días vimos de padecer outra discrecionalidade da Xunta, instrumentalizada tamén dende patrimonio cultural, impedindo a instalación en A Guía do mesmo tipo de luminarias autorizadas fai dous anos no parque de Castrelos.

Esta situación de paralización de proxectos municipais afecta tamén os proxectos privados de rehabilitación ou intervención en edificios ou entornos protexidos nos que desafortunadamente non é infrecuente atopar elementos catalogados que deben esperar mais de 8 anos ata poder acadar un informe favorable de patrimonio da Xunta. Neste eido, mais aló de emitir informes técnicos o departamento autonómico responsable de patrimonio debería xerar un mecanismo de colaboración cos particulares e institucións que permitan conquistar un proxecto autorizado sen deterioro do patrimonio e ornato público e sen risco para os e as cidadáns. Dado que o interese público precisa non só a catalogación e protección legal do patrimonio senón tamén a rehabilitación e coidado do mesmo, parece imprescindible axilizar a tramitación e busca de solucións para os proxectos de rehabilitación, derribo e reconstrución destes expedientes.

A Lei Reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 27 permite que a Comunidade Autónoma delegue nos Municipios o exercicio de competencias en materias que afecten os seus intereses propios, sempre que con iso mellórese a eficacia da xestión pública e alcáncese unha maior participación cidadá. Circunstancias que sobradamente concorren.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 58 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A propia Lei reguladora da Administración Local de Galicia (artigo 87) posibilita a delegación de competencias nos municipios sempre que, conforme dispón o artigo 172 e como concorre neste caso, trátase de competencias en materias que afecten os intereses propios das Entidades Locais, que coa delegación mellórese a eficacia de xestión pública e alcáncese unha maior participación cidadá.

Dita Lei (artigo 177) permite que o procedemento de delegación iniciase a instancia do Concello e obriga a que dita delegación conleve os medios financeiros e económicos e, no seu caso, persoais precisos en favor das Entidades Locais beneficiarias.

Os servizos técnicos do Concello de Vigo contan con técnicos con anos de experiencia na supervisión, asesoramento e autorización de proxectos de rehabilitación, derribo e reconstrución do patrimonio construído. Adicionalmente existe una colaboración reglada cos diferentes colectivos profesionais da cidade que participan nas comisións de seguimento do Plan Especial do Casco Vello, Bouzas ou o Ensanche axudando a busca de solucións e a defensa do patrimonio. Ambas situacións permitirían os servizos técnicos municipais resolver con solvencia e rigor os expedientes sobre elementos catalogados, como xa se está a producir no entorno do Plan especial do Casco Vello.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a:

Desbloquear os proxectos paralizados por Patrimonio

Delegar no Concello de Vigo as competencias en materia de Patrimonio.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Incidencia: No momento da votación atópase ausente o Sr. Estevez Rodríguez.

VOTACIÓN. Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais o membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada, en data 19.02.2021 (Rex. Nº 2823/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7. (27). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A ATENDER AS NECESIDADES DA CIDADE AUTORIZANDO O TRASLADO DA ESCOLA INFANTIL SANTA MARTA AO CEIP RAMÓN Y CAJAL PARA HABILITAR



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 | Páxina 59 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

UNHA ESCOLA INFANTIL DE FORMA PERMANENTE NESE CENTRO EDUCATIVO. (REXISTRO PLENO 2824/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de febreiro de 2021, número 2824/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

Nos últimos anos incrementou de forma notable a demanda de prazas públicas en escolas infantís, e pese a aposta do goberno de Abel Caballero polo aumento da oferta coa creación, nos derradeiros anos, das novas escolas infantís de Tomás Alonso, Bouzas, Navia, Mestres Goldar e Bembrive, súmanse as de Santa Cristina, Atalaia, Santa Marta e Saiáns, aínda resultan insuficientes.

Unha vez máis é o Concello de Vigo o que está a asumir a creación de novas escolas para atender a demanda da cidadanía. A Xunta de Galicia non está a cumprir coas súas obrigas nunha materia tan sensible como a Educación Infantil. A rede de escolas municipais conta nestes momentos con 9 escolas que ofertan 705 prazas, e cofinancia, de forma inxusta, dúas escolas da rede autonómica. Pola súa banda a Xunta de Galicia conta con 8 escolas, dúas delas cofinanciadas polo Concello, e oferta 585 prazas.

É evidente que a Xunta de Galicia non está a atender a alta demanda, e que é o Concello o que está a asumir a prestación dese servizo.

Ante o próximo desenvolvemento das obras do Barrio do Cura, é necesario por motivos de seguridade, proceder ao traslado da Escola infantil de Santa Marta a outro espazo que permita garantir a continuidade do servizo e atender a necesidade de prazas nesa zona. O Concello despois de ter estudado diferentes espazos alternativos para o traslado, decidiu solicitar á Xunta de Galicia o uso das instalacións do CEIP Ramón y Cajal, propiedade do Concello de Vigo. Estamos a falar dun centro que está a menos da metade da súa capacidade ao contar soamente con 114 alumnos (datos trasladados pola inspección educativa) distribuídos como segue:

- 4 EI 15 alumnos/as
- 5 EI 11 alumnos/as
- 6 EI 8 alumnos/as
- 1ºP 10 alumnos/as
- 2ºP 12 alumnos/as
- 3ºP 7 alumnos/as
- 4ºP 13 alumnos/as
- 5ºP 17 alumnos/as
- 6ºP 21 alumnos/as

O centro dispón de diferentes espazos sen uso, duplicidade de aulas e espazos infrautilizados.

O centro reúne todas as condicións necesarias para proceder ao traslado e para poder establecer, de xeito permanente, unha nova escola infantil de 0 a 3 anos. O Concello solicita o uso dunha superficie situada na planta baixa do edificio que podería albergar todas as aulas e os espazos necesarios para o funcionamento da escola. O concello de Vigo, como xa manifestamos, asumiría as adecuacións necesarias para por en marcha este novo equipamento educativo.



Unha proposta beneficiosa a cidadanía xa que permite manter unha escola infantil de xeito permanente nunha zona con alta demanda, e estaríamos a cumprir coas demandas da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación que recolle no seu artigo 8 bis a necesidade de promover a existencia de centros públicos que incorporen a educación infantil con outras etapas educativas posteriores, garantindo así un aumento de matrícula no Ramón y Cajal para os cursos posteriores.

Dende o Concello de Vigo solicitamos á Xunta de Galicia a autorización para o uso dunha superficie do centro, e o venres día 12 de febreiro a Delegada da Xunta en Vigo manifesta a través dunha nota de prensa a negativa da Xunta de Galicia ao traslado e o fai antes da emisión do informe de inspección educativa, informe que 20 días despois non recibimos. Queda claro que esta decisión, é unha decisión política. Unha vez máis a Xunta de Galicia en contra de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a atender as necesidades da cidade autorizando, de xeito inmediato, o traslado da Escola Infantil de Santa Marta ao CEIP Ramón y Cajal para habilitar unha escola infantil (0-3) de forma permanente nese centro educativo."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Incidencia: No momento da votación atópase ausente o Sr. Estevez Rodríguez.

VOTACIÓN. Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada, en data 19.02.2021 (Rex. Nº 2824/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8. (28). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA A URGENTE DECLARACIÓN DE ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DO CONXUNTO DELIMITADOS DE VIVENDAS DE BEIRAMAR, ESPÍNEIRO-ENRIQUE LORENZO, EMILIA PARDO BAZÁN-SAN ROQUE E SAN PABLO EN VIGO E FALICITAR O ACCESO ÁS SUBVENCIÓNS DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA E AXUDAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. (REXISTRO PLENO 2825/1101).



ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de febreiro de 2021, número 2825/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estevez, formula a seguinte,

MOCIÓN

A vivenda obreira está vencellada fortemente coa propia historia da cidade de Vigo, é un legado das diferentes etapas fundamentais do seu crecemento. O desenvolvemento e a creatividade nalgunhas intervencións urbanísticas e arquitectónicas é de grande interese, resultando necesaria a súa conservación, ao mesmo tempo que se conxuga coa adaptación á vida moderna.

Estas vivendas, na maior parte dos casos, realizadas por iniciativas do “Instituto Nacional de Vivienda” e da “Obra Sindical del Hogar”, así como as construídas polas industrias para poder albergar aos seus traballadores a carón das empresas, fábricas ou estaleiros; presentan na actualidade unha serie de importantes carencias funcionais: no seu mantemento, nas instalacións e nas condicións de accesibilidade e de eficiencia enerxética.

A rehabilitación de todos estes grupos de vivendas e dos seus espazos libres permitirá a rexeneración do entramado urbano, dotando da dignidade necesaria ás edificacións da masa social que co seu traballo axudou ao crecemento da nosa cidade.

O Concello de Vigo solicitou o IGVS a declaración dun Area de Rehabilitación Integral Descontinua con seis ámbitos de actuación con características e problemáticas semellantes, o “Grupo de Vivendas en Beiramar”, “Españeiro e a rúa Enrique Lorenzo” no barrio de Teis, o “Grupo de Vivendas promovidas por Fenosa”, o “Grupo sindical da Salgueira”, “Vivendas sociais da rúa Emilia Pardo Bazán - San Roque” e o “Grupo de San Pablo”.

Esta Área de rehabilitación integral Xeral descontinua inclúe 1 624 vivendas agrupadas en 176 edificios cunha superficie de 86 364,34 m².

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado. As ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación construtiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

A declaración de ARI permite participar no Plan estatal de rehabilitación e conquistar subvencións para rehabilitación de vivendas e elementos comúns das edificacións. A incidencia destes programas de rehabilitación en Vigo nas 4 ARI hoxe declaradas (Casco Vello, Bouzas, Santa Clara e Bueu-Moaña) foi e é claro, facendo posible a mellora destes barrios, da habitabilidade das vivendas, da accesibilidade dos veciños e veciñas residentes, da eficiencia enerxética e dos entornos urbanos.

Desafortunadamente, o IGVS rexeitou a petición do concello de Vigo impedindo o acceso destes veciños as axudas a rexeneración e rehabilitación das súas



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 62 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

vivendas. Ante esta situación o goberno municipal impulsou un novo intento de declaración de ARI para catro dos seis ámbitos anteriores, sen renunciar a presentar os dous restantes ou algún outro conxunto edificatorio da cidade.

Solicitouse o IGVS a declaración de ARI de catro novas áreas, ARI Beiramar, ARI Espiñeiro e rúa Enrique Lorenzo , ARI rúa Emilia Pardo Bazán e San Roque e ARI San Pablo, comprendendo un total de 807 vivendas en 100 edificios cunha superficie global de 51,827 m².

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte,

ACORDO

Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a urxente Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral dos conxunto delimitados de vivendas de Beiramar, Espiñeiro-Enrique Lorenzo, Emilia Pardo Bazán-San Roque e San Pablo en Vigo e facilitar o acceso destas novas ARIs as subvencións do Plan Estatal de Vivenda e as axudas da Comunidade Autónoma.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN. Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro ausencia dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada, en data 19.02.2021 (Rex. Nº 2825/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9. (29). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A INICIAR CONSULTAS AOS CONCELLOS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTO AOS EFECTOS DE PODER CONCORRER AOS FONDOS DO PLAN DE RECONSTRUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (REXISTRO PLENO 2826/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de febreiro de 2021, número 2826/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

O Goberno de España ven de incluír nos Presupostos Xerais do Estado para 2021, 910 millóns de euros para o eixo “Economía dos Coidados e reforzo das políticas de Igualdade e inclusión” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 63 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Destes fondos, 730,8 millóns de euros van ser executados polas comunidades autónomas e as entidades locais, mediante proxectos que deben inscribirse en tres liñas básicas de actuación:

Plan de apoios e coidados de longa duración
Plan de modernización dos servizos sociais
España, País Accesible.

A vocación por parte do Goberno de España é que os concellos se impliquen e participen no deseño e execución destes proxectos, por se tratar da administración máis próxima aos cidadáns, dado que a meirande parte dos proxectos céntranse no coidado das persoas e a gran parte das actuacións que se poderán desenvolver ao abeiro destas liñas estratéxicas serán executadas polos servizos sociais de atención primaria, dependentes dos Concellos.

Os fondos europeos do Plan de Reconstrucción, Transformación e Resiliencia representan unha oportunidade histórica para promover políticas públicas transformadoras, políticas que aposten por un cambio de modelo, modernizadoras dos servizos sociais, cos coidados da persoa no centro de iniciativas innovadoras. As entidades locais son as administracións que poden garantir que a atención centrada na persoa se reflicta na súa contorna máis inmediata, cos apoios que poden favorecer a súa plena autonomía na vida cotiá.

O Concello de Vigo, dende a Concellería de Política Social, ten a vontade de se implicar intensamente na adopción de medidas que contribúan á modernización dos servizos sociais, á mellora da calidade das prestacións e servizos aos colectivos máis vulnerables e a garantir unha maior accesibilidade aos ditos servizos e, polo tanto, aspira a concorrer á xestión dos ditos fondos, mediante o desenvolvemento de tres grandes proxectos que xa están en fase de deseño e definición.

A Xunta de Galicia, a pesar de ter o mandato concreto e expreso do Goberno de España de implicar na xestión destes fondos ás entidades locais e establecer un diálogo con elas para o deseño dos proxectos a presentar, unha vez máis, co seu desprezo absoluto aos concellos galegos, non ten realizado ningunha ronda de consultas cos municipios para o deseño da estratexia galega con respecto a estes fondos, nos que os Concellos serán os xestores principais.

A Xunta de Galicia non ten informado nin dos criterios de distribución, nin dos fondos aos que se aspira a concorrer, nin da tipoloxía dos proxectos. Tampouco ten realizado unha rolda de consultas aos Concellos para que estes manifesten a súa declaración de interese para participar, como é preceptivo.

Unha vez máis a Xunta de Galicia do Partido Popular despreza ao municipalismo e despreza a Vigo, na súa táctica de captar fondos estatais e europeos que nunca chegan aos Concellos, que son as administracións que teñen sufrido un maior impacto polos efectos económicos e sociais desta pandemia.

O Concello de Vigo ten feito fronte á crise económica e social derivada da pandemia exclusivamente con fondos municipais, sen recibir nin un euro da Xunta de Galicia, a pesar de que o Goberno de España así o mandadou cos Fondos Extraordinarios COVID-19.

Non se pode permitir que agora, cos fondos do Plan de Reconstrucción, Transformación e Resiliencia volva a soceder o mesmo, que a Comunidade Autónoma reciba centos fondos destinados a políticas públicas desenvolvidas polos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 64 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Concellos do Goberno de España e de Europa, que ninguén sabe en que se invirten e que nunca chegan ás entidades locais.

O Concello de Vigo esixe que se remate dunha vez con esta política oscurantista, desleal institucionalmente e de costas aos concellos que exerce reiteradamente a Xunta de Galicia.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista, propón que o Excmo. Pleno da Corporación Municipal, adopte os seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a iniciar unha rolda inmediata de consultas aos concellos para a presentación de proxectos aos efectos de que as entidades locais poidan concorrer aos fondos do Plan de Reconstrucción, Transformación e Resiliencia, e, nomeadamente, neste caso, ao eixo de "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión", tal e como se acordou co Goberno de España.
2. Instar á Xunta de Galicia a que o criterio de distribución territorial entre as entidades locais destes fondos se realice en virtude dos mesmos indicadores e criterios obxectivos utilizados polo Goberno de España para o reparto entre as Comunidades Autónomas.
3. Instar á Xunta de Galicia a que se informe aos Concellos de forma inmediata, transparente, clara e explícita dos proxectos que se teñen presentado a este bloque social e as liñas estratéxicas e obxectivos que se pretenden acadar."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN. Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada, en data 19.02.2021 (Rex. Nº 2826/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

10. (30). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO 19.01 AO 14.02 DO 2021. EXPTE. 974/1102 (REXISTRO PLENO 2814/1101).



ANTECEDENTES. Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía (do 19.01 ao 14.02.2021) incluídas no Expediente 974/1102.

ACORDO. A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolúcións. O Pleno queda enterado.

11. (31). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS DO 19.01 AO 14.02 DO 2021. EXPTE. 975/1102 (REXISTRO PLENO 2815/1101).

ANTECEDENTES. Dáse conta das Resolúcións dos concelleiros delegados (do 19.01 ao 14.02.2021) incluídas no Expediente 975/1102.

ACORDO. A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolúcións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS DE CONTROL

12(32).- MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO POLA CONTINUIDADE DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA MARTA” NO CASCO VELLO. (REXISTRO PLENO 2818/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de febreiro de 2021, número 2818/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

POLA CONTINUIDADE DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA MARTA” NO CASCO VELLO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas ten xurdido un importante conflito arredor da situación e futuro da Escola Infantil Municipal “Santa Marta”. No marco do desenvolvemento urbanístico do Barrio do Cura prevese a derruba do seu actual inmóbel e tamén a construción, nese mesmo ámbito, dunha nova dotación. No entanto, o Goberno municipal non preveu un local alternativo para garantir a continuidade da escola até contar con esa nova instalación.

A concellaría de Educación xestionou con escasa transparencia esta cuestión que tivo alcance público pola denuncia feita polo Bloque Nacionalista Galego ante a enorme preocupación que estaba a suscitar no seo da comunidade educativa e na veciñanza do Casco Vello.

O Goberno municipal ten alegado xenericamente “problemas de seguridade” para motivar a derruba da actual escola. Porén, non consta a existencia de informe



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 66 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

municipal ningún que xustifique tal aseveración, dado que ademais a escola continuou funcionando cando se producían derrubas e movementos de terra nas proximidades. Engádese ademais o feito de que a anterior concelleira de Educación, Olga Alonso, comprometeuse en maio de 2019 coa comunidade educativa en que non se produciría traslado até contar coa nova escola construída.

Aliás, a posibilidade de que no proceso de matriculación para o vindeiro curso 2021-2022 non se abra matrícula para o grupo de 0 a 1 anos, acrecenta a incerteza sobre o futuro da propia escola, na medida en que podería permitir a súa extinción en apenas dous cursos, e tamén dúbidas sobre a continuidade do actual cadro de persoal. Cómpre engadir neste aspecto, que as traballadoras do centro, que prestan os seus servizos para a empresa adxudicataria, poderían ver comprometido o seu dereito a unha eventual subrogación, conforme ao recollido no convenio colectivo de aplicación, de se producir unha interrupción na prestación do servizo durante máis dun ano.

A Escola Infantil Municipal “Santa Marta” tense configurado no barrio como unha dotación esencial para o mesmo. Segundo os datos de matriculación do presente curso, arredor de 6 de cada 10 solicitudes ficaron sen praza, o que deixa en evidencia a forte demanda e a necesidade imperativa xa non de manter o centro senón de adoptar as medidas para alargar no futuro o número de prazas.

Diante da presión de traballadoras e familias, a Concellaría de Educación revelou a intención de propoñer o traslado, en principio dos grupos de 2 e 3 anos, ás dependencias do CEIP Ramón y Cajal (‘Picacho’) e que despois, por boca do alcalde, se tornaría nunha nova escola infantil “permanente”. Unha solución que non conta co aval das familias de ambos os dous centros, e que recibiu o rexeitamento formal da dirección, claustro e Consello Escolar do Picacho, e da que a propia Consellaría de Educación se amosa contraria, ao alegar con informes técnicos que non existen as condicións adecuadas para instalar, inda que for provisoriamente, a escola infantil no colexio.

Cómpre subliñar, ademais, que as escolas infantís de 0 a 3 anos fican rexidas normativamente polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e de atención a infancia, e que nas actuais condicións do Picacho este centro non reuniría as esixencias mínimas recollidas no mesmo no que ten a ver coas instalacións.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

Instar o Goberno municipal:

1. Atender o reclamo da comunidade educativa de garantir a continuidade da Escola Infantil Municipal “Santa Marta” no Casco Vello, ofertando como mínimo o mesmo número de prazas que no curso 2020-2021 nas tres unidades (de 0 a 3 anos), procurando un local alternativo viábel e adecuado para a mesma ou mantendo, polo tempo que for preciso, a escola nas súas actuais dependencias.
2. Adoptar as medidas precisas para garantir a continuidade do persoal que traballa na Escola Infantil Municipal “Santa Marta”.
3. Urxir a promotora urbanística do ámbito do Barrio do Cura a priorizar a construción da nova escola infantil no mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 67 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4. Promover a posta en marcha de novas escolas infantís municipais no conxunto da cidade para atender a demanda de prazas.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN. Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.02.2021 (Rex. Nº 2818/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13. (33). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA ABORDAR A CRISE DA COVID CON PERSPECTIVA DE XÉNERO E APOIAR A CELEBRACIÓN DO 8 DE MARZO. (REXISTRO PLENO 2808/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2021, número 2808/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

MOCIÓN PARA ABORDAR A CRISE DA COVID CON PERSPECTIVA DE XÉNERO E APOIAR A CELEBRACIÓN DO 8 DE MARZO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo, o Día Internacional da Muller Traballadora, reivindica e visibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, participación e recoñecemento, en pé de igualdade cos homes, na sociedade e no seu desenvolvemento integral como persoa.

Este ano, a pandemia COVID-19 puxo de manifesto a precariedade estrutural do noso sistema despois de anos de políticas neoliberais. Estamos ante unha situación de crise social e económica e non podemos permitir unha resposta sen unha perspectiva de xénero que acentúe as desigualdades que viven as mulleres. Non debemos afrontar esta crise como a do 2008 con austeridade e recortes, senón máis ben centrarnos na reconstrución da esfera pública e nunha loita contra a precariedade, a falta de dereitos e as desigualdades que viven as mulleres na nosa diversidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 68 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Durante este período, as mulleres foron as protagonistas, tanto no eido sanitario, sendo a gran maioría das traballadoras, como no coidado, asumindo unha maior carga de traballo no fogar. As mulleres realizan unha parte moi importante dos traballos esenciais e estes traballos son fundamentalmente precarios.

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), as mulleres representan o 85% do persoal que traballa en fogares para persoas maiores e dependentes, onde se produciron as peores cifras de falecemento. Tamén son a maioría noutros servizos esenciais como comercio e alimentación, limpeza e representan practicamente a todos os empregados do fogar de coidados. Todos eles traballos feminizados e precarios.

A isto súmase a distribución desigual das tarefas asistenciais. O 70% destas tarefas lévanas a cabo mulleres, ás que moitas engadiron o teletraballo, o coidado e o apoio á xente na casa, unha sobrecarga de traballo á que non se respondeu con mecanismos de corresponsabilidade de todas as áreas: administracións, empresas e fogares. Especialmente afectadas son as familias monomarentais, das cales oito de cada dez están dirixidas por unha muller.

Esta realidade dificulta a numerosas mulleres saír do chamado *chan pegañento*, é dicir, avanzar no desenvolvemento do seu proxecto de vida. E os concellos, nomeadamente o principal concello de Galicia, Vigo, pode implicarse moito máis do que o fai para revertir esta situación.

Existen numerosos ámbitos de actuación porque a desigualdade que denuncia o feminismo é estrutural e global, establecida e sostida polo sistema capitalista e patriarcal cuxo obxectivo é obter beneficios e privilexios para uns poucos a costa das persoas máis vulnerables e oprimidas, que acaban sendo mulleres en toda a súa diversidade: precarias, migrantes, racializadas, trans, con diversidade funcionais, mozas e anciás.

Necesitamos un cambio de lóxica que sitúe os coidados no centro, as necesidades das persoas como prioridades e que desprace o lucro como único motor da sociedade. Isto require un compromiso en políticas públicas, comezando dende o ámbito municipal, que devolvan ao público os servizos sociais privatizados: os centros sociosanitarios de atención á dependencia (as residencias de maiores) e o Servizo de Axuda no Fogar son claros exemplos desta realidade.

As mulleres en situación de explotación sexual non foron protexidas neste contexto nin se garantiron medidas eficaces para pechar esta actividade a pesar do risco para a saúde. Preferiuse seguir mirando para outro lado, tamén dende o Concello de Vigo. É imprescindible que a Declaración de Cidade Libre de Trata que foi aprobada no Pleno do Concello de Vigo, a proposta da Marea de Vigo, en 2017, non quede en papel mollado. Esta moción incluía a aplicación de medidas abolicionistas que conteñan alternativas de saída da prostitución así como todas aquelas orientadas á prevención e educación en igualdade. Cómpre executar políticas públicas para que as mulleres vítimas de trata e en situación de prostitución teñan alternativas de formación e emprego, vivenda alternativa e asilo e mecanismos de protección. Reais.

Hoxe en día, o feminismo segue sendo esencial para revertir a desigualdade, loitar contra a intolerancia e o odio e transformar a sociedade. Pasou máis de ano e medio do actual mandato, vivimos nunha situación de pandemia provocada pola Covid-19 e unha grave crise económica e social que afecta de maneira negativa ás mulleres tanto no ámbito das violencias como noutras dimensións como o emprego, a saúde, e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral. É urxente reforzar o compromiso feminista do Concello de Vigo e non caer na parálise. Están



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 | Páxina 69 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

en xogo os dereitos das mulleres. Lembrando a Simone de Beauvoir: “non esquezaes nunca que abondará unha crise política, económica ou relixiosa para que os dereitos das mulleres volvan ser cuestionados. Estes dereitos nunca se dan por adquiridos, hai que permanecer vixiantes toda a vida”.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

1. Apoiar as accións que se desenvolven na reclamación do 8M facilitando todos os medios materiais e de difusión, así como o cumprimento das medidas sanitarias hixiénicas dos actos que os colectivos feministas convocan o 8 de marzo.
2. Izar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.
3. Aumentar e executar o orzamento destinado á Concellería de Igualdade, nomeadamente o Programa de Inserción Laboral para Mulleres, do que ano tras ano quedan sen executar máis de 80.000 €. O compromiso das Administracións públicas faise efectivo con recursos.
4. Elaborar e facer público un estudo sobre a situación sanitaria, económica e social das mulleres de Vigo tras a irrupción da crise da Covid-19.
5. Creación dunha Unidade de Traballo Social especializada en mulleres prostituídas que forme parte da Casa das Mulleres e conte con orientación laboral, xurídica e psicosocial, así como cun grupo que contacte con elas na rúa para darlles saídas urxentes, comezando por teito e comida.
6. Promover o debate social sobre a xestión privada dos servizos de atención á dependencia, onde traballan maioría de mulleres, para avanzar no coñecemento sobre un modelo de xestión pública dos centros sociosanitarios de atención á dependencia (residencias) e tamén dos servizos municipais coma o Servizo de Atención no Fogar.
7. Aplicar a perspectiva de xénero en todas as áreas de goberno para que as políticas municipais dean resposta ás desigualdades que afrontan as mulleres en relación a: os coidados, a mobilidade, a vivenda, o envellecemento e a soidade, a saúde, a representación nos espazos de poder, a precariedade laboral e a exclusión social, especialmente evidente nas mulleres trans.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN PUNTOS 1 e 2. Por unanimidade dos vinte e catro membros (presencial e telematicamente) da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acordase aprobar os dous primeiros puntos da moción.

VOTACIÓN PUNTOS DO 3 ao 7. Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estevez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01 Páxina 70 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

rexéitanse os puntos do 3º ao 7º da moción.

ACORDO.

Aprobar os puntos 1º e 2º da Moción presentada, en data 17.02.2021 (Rex. Nº 2808/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto di o que segue:

1. Apoiar as accións que se desenvolven na reclamación do 8M facilitando todos os medios materiais e de difusión, así como o cumprimento das medidas sanitarias hixiénicas dos actos que os colectivos feministas convocan o 8 de marzo.
2. Izar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

14. (34). MOCIÓN URXENTE DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO SOBRE AMARCHA DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO” DA CIDADE. (REXISTRO PLENO 2835/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2021, número 2835/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN DE URXENCIA

SOBRE A MARCHA DO FESTIVAL ‘O MARISQUIÑO’ DA CIDADE

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O luns 22 de febreiro de 2021 faise público un comunicado (<https://www.xn--omarisquio-19a.com/post/646/22/02/2021/marisquino-cancela-edici%C3%B3n-2021>) por parte da entidade organizadora do Festival ‘O Marisquiño’, no que anuncia a suspensión definitiva da edición do mesmo para o presente ano 2021 así como a decisión de non volver sedialo na nosa cidade, alegando, entre outros motivos, a redución substancial do apoio económico que o Concello de Vigo viña brindando.

O Marisquiño é un dos grandes eventos da cidade que maior repercusión internacional suscita, e cun impacto moi relevante en termos económicos para a nosa cidade.

Este feito constitúe obxectivamente un “acontecemento relevante” -sobre todo atendendo á relevancia outorgada polo propio Goberno municipal ás edicións xa realizadas-, atinxindo un asunto de evidente competencia municipal polo que se axusta estritamente aos requisitos taxados para a formulación de mocións de urxencia de acordo co artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 71 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O Festival 'O Marisquiño' que celebrou até o momento 19 edicións na nosa cidade, desde o ano 2001, configurouse como un dos maiores eventos de cultura urbana e deportes de acción a nivel internacional. Nel desenvólvanse tamén as competicións das copas mundiais de Skate, Dirt Jump, Basquet 3x3 e BMX. Para alén da práctica deportiva, incluía unha ampla oferta de eventos e actividades de carácter cultural e artístico.

O alcance deste evento, seguido en liña en máis de 50 países e que atinxiu afluencias de ate 160 mil visitantes, converteu a Vigo, e por extensión a Galiza, nun dos máis importantes referentes da cultura e deportes urbanos, contribuíndo á proxección internacional da nosa cidade e sendo unha das actividades con mellor resposta de público, especialmente entre a mocidade.

O pasado 22 de febreiro a entidade promotora do festival emitiu un comunicado anunciando a suspensión definitiva da edición prevista para o presente ano 2021, ademais da decisión de non realizar novas edicións da nosa cidade. Entre os motivos expostos para adoptar esta decisión está a redución substancial, nun 70%, da achega económica coa que o Concello de Vigo colaboraba na realización deste evento, e da falla de compromiso na colaboración por parte da Xunta de Galiza.

De se materializar, estas decisións suporán unha pésima noticia para a cidade e a perda dun evento de dimensión mundial na cidade. Aliás, do impacto económico negativo derivado da perda do importante retorno que producía O Marisquiño.

Polo exposto, proponse ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Instar o Goberno municipal a adoptar as decisións necesarias para garantir a continuidade do festival 'O Marisquiño' na nosa cidade, mantendo o nivel de colaboración por parte do Concello de Vigo que permitiu a realización de edicións anteriores.

Segundo.- Instar a Xunta de Galiza a formalizar a colaboración que permita a realización do festival 'O Marisquiño' en Vigo."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estevez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 22.02.2021 (Rex. Nº 2835/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 72 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

15. FORMULACIÓN DE ROGOS.

15.1. (35). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, referente a dirixir ao goberno español unha petición para a redución do IVE para barberías, perruquerías e centros de estética.

15.2. (36). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto Sra. Méndez Fuentes, referente á realización de actuacións para reemplazar o exemplar “Malaleuca Amillaris” do parque de Castrelos.

15.3. (37). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, referente á facilitar unha ubicación provisional á Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao”.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

16. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16.1. (38). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, referente á valoración do goberno municipal de que Vigo queda fora do ranking de cidades segundo a calidade e innovación da súa programación cultural.

16.2. (39). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, referente a si goberno local levará o PXOM para a súa aprobación inicial ao Pleno nos meses de verán.

16.3. (40). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, referente ao Plan de autoprotección facilitado á Policía Local na concentración celebrada en favor de Pablo Hásel.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto. Pleno Ordinario do Excmo. Concello de Vigo

Data. 24 de febreiro de 2021

Inicio. 9 horas; 9 minutos.

Finalización. 13 horas; 00 minutos.

Duración: 3 horas; 51 minutos.

- HTML -----

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3051

- Media -----



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 73 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDf-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

[1] Windows Media Video 1280x720, 3.0 GiB (Video)

SHA512

d8ed7a003257e47a3ce673a8fa2e3ac452d140d5ef1d17309537f32b143dfc1
 93e68e3fec7ccb5ea2b95eb626ae14ab780460ae49e68e71dc9cd0692f2bf4b
 02

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Rivas González, Ángel; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Lago Barreiro, María del Carmen; Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura; Marco González Castillo, Jesús; Méndez Fuentes, Oriana; Rodríguez Calviño, Patricia; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Meiriño, Alicia; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez, Abel; Lopéz Font, Carlos; Aneiros Pereira, Jaime; Blanco Iglesias, María Eugenia; Gómez Díaz, Gorka; Aguiar Castro, Yolanda; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier; López Román, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María;

00:00:38 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:07 : **1 Actas anteriores: (Extraordinaria do 16.12, extraordinaria do 21.12, extraordinaria do 23.12 e ordinaria do 30.12 do ano 2020).**

00:01:27 : **2.- Aprobación inicial da modificación do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo. Expte. 1680/110 (Rexistro Pleno 2802/1101)**

00:01:42 - López Font, Carlos
 00:06:54 - Caballero Álvarez, Abel
 00:06:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:09:03 - Caballero Álvarez, Abel
 00:09:06 - Pérez Correa, Rubén
 00:14:12 - Caballero Álvarez, Abel
 00:14:16 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:19:18 - Caballero Álvarez, Abel
 00:19:55 - López Font, Carlos
 00:22:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:23:37 - Votación [9:32:52]
 00:24:33 - Votación [9:34:15]
 00:25:15 - Votación [9:34:53]
 00:25:45 - Votación [9:35:23]

00:26:16 : **3.- Aprobación definitiva da modificación para o exercicio do 2021 da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter publico non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais. Expte. 2689/500. (Rexistro Pleno 2804/1101)**

00:26:43 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:31:46 - Caballero Álvarez, Abel
 00:31:50 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:34:04 - Caballero Álvarez, Abel
 00:34:07 - Pérez Correa, Rubén
 00:39:13 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 74 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

00:39:17 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:44:12 - Caballero Álvarez, Abel
 00:44:16 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:47:26 - Caballero Álvarez, Abel
 00:47:46 - Votación [9:57:12]
 00:48:38 - Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machistas

00:49:42 : **4.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Ministerio de Transición Ecolóxica e a Rede Eléctrica de España a incluír no período 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de transporte de 220 KV e á construción dunha nova subestación. Rexistro Pleno 2820/1101.**

00:50:05 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:50:46 - Espinosa Mangana, Elena
 00:50:49 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:51:05 - Espinosa Mangana, Elena
 00:51:09 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:51:18 - Espinosa Mangana, Elena
 00:51:22 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:54:42 - Espinosa Mangana, Elena
 00:55:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:57:34 - Espinosa Mangana, Elena
 00:57:37 - Pérez Correa, Rubén
 00:58:21 - Espinosa Mangana, Elena
 00:58:25 - Pérez Correa, Rubén
 01:02:45 - Espinosa Mangana, Elena
 01:02:50 - López Font, Carlos
 01:08:11 - Espinosa Mangana, Elena
 01:08:16 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:11:18 - Espinosa Mangana, Elena
 01:12:01 - Votación [10:20:58]

01:12:08 : **5.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a concretar un plan de actuacións e de investimentos no Porto de Vigo de polo menos a mesma cantidade que realizou o Ministerio de Fomento. Rexistro Pleno 2822/1101.**

01:12:25 - López Font, Carlos
 01:17:33 - Espinosa Mangana, Elena
 01:17:39 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:19:45 - Espinosa Mangana, Elena
 01:19:51 - Pérez Correa, Rubén
 01:25:06 - Espinosa Mangana, Elena
 01:25:10 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:30:08 - Espinosa Mangana, Elena
 01:30:14 - López Font, Carlos
 01:33:22 - Espinosa Mangana, Elena
 01:33:51 - Votación [10:43:05]

01:34:24 : **6.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a desbloquear os proxectos paralizados por Patrimonio e a delegar no Concello de Vigo as competencias en materia de Patrimonio. Rexistro Pleno 2823/1101.**

01:34:39 - Caride Estévez, María José
 01:40:00 - Espinosa Mangana, Elena
 01:40:05 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:42:14 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 75 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 01:42:19 - Pérez Correa, Rubén
- 01:47:17 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:47:27 - Egerique Mosquera, Teresa
- 01:52:33 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:52:41 - Caride Estévez, María José
- 01:56:02 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:56:14 - Caride Estévez, María José
- 01:56:23 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:56:28 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 01:56:34 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:57:28 - Votación [11:06:53]
- 01:57:52 - Gomez Díaz, Gorka

01:58:12 : **7.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a atender as necesidades da cidade autorizando o traslado da escola infantil Santa Marta ao CEIP Ramón y Cajal para habilitar unha escola infantil de forma permanente nese centro educativo. Rexistro Pleno 2824/1101.**

- 02:03:28 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:05:33 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:05:37 - Pérez Correa, Rubén
- 02:10:45 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:10:51 - Egerique Mosquera, Teresa
- 02:15:49 - Gomez Díaz, Gorka
- 02:18:17 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:18:19 - Gomez Díaz, Gorka
- 02:19:21 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:19:45 - Votación [11:29:05]
- 02:19:58 - Gomez Díaz, Gorka
- 02:20:06 - Espinosa Mangana, Elena

02:20:45 : **8.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a urxente declaración Área de Rehabilitación Integral Xeral do conxunto delimitados de vivendas de Beiramar, Espiñeiro-Enrique Lorenzo, Emilia Pardo Bazán-San Roque e San Pablo en Vigo e falicitar o acceso ás subvencións do Plan Estatal de Vivenda e axudas da Comunidade Autónoma. Rexistro Pleno 2825/1101.**

- 02:21:18 - Caride Estévez, María José
- 02:26:35 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:26:41 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:28:47 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:28:52 - Pérez Correa, Rubén
- 02:33:40 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:33:44 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 02:38:11 - Caride Estévez, María José
- 02:41:33 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:42:05 - Votación [11:51:21]

02:42:27 : **9.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a iniciar consultas aos concellos para a presentación de proxecto aos efectos de poder concorrer aos fondos do Plan de Reconstrución, Transformación e Resiliencia e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2826/1101.**

- 02:42:52 - Aguiar Castro, Yolanda
- 02:48:01 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 76 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

02:48:05 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:50:15 - Espinosa Mangana, Elena
 02:50:20 - Pérez Correa, Rubén
 02:55:18 - Espinosa Mangana, Elena
 02:55:22 - Lopez Roman, Patricia
 02:59:23 - Espinosa Mangana, Elena
 02:59:30 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:03:07 - Espinosa Mangana, Elena
 03:03:21 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:03:49 - Espinosa Mangana, Elena
 03:04:11 - Votación [12:13:30]

03:04:26 : **10.- Dar conta de resolucións da Alcaldía do 19.01 ao 14.02 do 2021. Expte. 974/1102 (Rexistro Pleno 2814/1101).**

03:04:41 : **11.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as do 19.01 ao 14.02 do 2021. Expte. 975/1102 (Rexistro Pleno 2815/1101).**

03:05:00 : **12.- Moción do concelleiro membro non adscrito pola continuidade da escola infantil municipal ?Santa Marta? no Casco Vello. Rexistro Pleno 2818/1101.**

03:05:12 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:05:21 - Espinosa Mangana, Elena
 03:05:29 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:07:42 - Espinosa Mangana, Elena
 03:07:46 - Pérez Correa, Rubén
 03:12:41 - Espinosa Mangana, Elena
 03:12:52 - Egerique Mosquera, Teresa
 03:16:08 - Gomez Díaz, Gorka
 03:21:26 - Espinosa Mangana, Elena
 03:21:58 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:22:03 - Espinosa Mangana, Elena
 03:22:05 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:23:10 - Espinosa Mangana, Elena
 03:23:17 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:23:27 - Espinosa Mangana, Elena
 03:23:40 - Votación [12:33:09]

03:24:05 : **13.- Moción do grupo municipal Mixto para abordar a crise da Covid con perspectiva de xénero e apoiar a celebración do 8 de marzo. Rexistro Pleno 2808/1101.**

03:24:21 - Espinosa Mangana, Elena
 03:24:23 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:29:25 - Espinosa Mangana, Elena
 03:29:31 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:31:42 - Espinosa Mangana, Elena
 03:31:53 - Lopez Roman, Patricia
 03:34:49 - Espinosa Mangana, Elena
 03:34:55 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:40:30 - Espinosa Mangana, Elena
 03:40:40 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:44:09 - Espinosa Mangana, Elena
 03:44:20 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:44:29 - Espinosa Mangana, Elena
 03:44:34 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:44:43 - Aguiar Castro, Yolanda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 77 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 03:44:58 - Espinosa Mangana, Elena
 03:45:04 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:45:07 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:45:18 - Espinosa Mangana, Elena
 03:45:37 - Votación [12:55:05]
- 03:46:33 : **Mocion O Marisquiño**
 03:47:18 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:47:41 - Espinosa Mangana, Elena
 03:47:51 - Pérez Correa, Rubén
 03:48:55 - Espinosa Mangana, Elena
 03:48:58 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:49:11 - Espinosa Mangana, Elena
 03:49:14 - López Font, Carlos
 03:50:27 - Espinosa Mangana, Elena
 03:50:34 - Votación [13:00:11]
- 03:50:49 : **14.- Formulación de rogos.**
 03:50:54 - Espinosa Mangana, Elena
 03:50:56 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:51:13 - Espinosa Mangana, Elena
 03:51:17 - Espinosa Mangana, Elena
 03:51:19 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:51:36 - Espinosa Mangana, Elena
 03:51:40 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:51:59 - Espinosa Mangana, Elena
- 03:52:01 : **15.- Formulación de preguntas.**
 03:52:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:52:27 - Espinosa Mangana, Elena
 03:52:32 - Pérez Correa, Rubén
 03:52:47 - Espinosa Mangana, Elena
 03:52:51 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:53:13 - Espinosa Mangana, Elena

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas; cero minutos redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 2/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
 am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez
 Elena Espinosa Mangana

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

ASINADO POR: Secretario Xeral Pleno Da Corporación (José Carlos Riesgo Boluda) 08/04/2021 10:51:07 - The Alcalde Conc. Empresa Economía Seguridade E Org. Municipal (Elena Espinosa Mangana) 08/04/2021 12:21:40 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 08/04/2021 22:43:47 -

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 10:01

Páxina 79 de 79

Expediente 2870/1101

CSV: 27ECDF-B1D9CE-DF24CA-9G1KTV-MB7GEQ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>